

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CEIP ABELENDO



CURSO: 2022_2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 11 DE OUTUBRO DE 2022

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 11 DE OUTUBRO DE 2022

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 14 DE OUTUBRO DE 2022



Táboa de contido

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO	6
2. CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE.....	25
3. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	26
4. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.....	31
A. CLAUSTRO	31
B. CONSELLO ESCOLAR.....	32
C. CCP	33
5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS.....	33
6. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO	36
7. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS	37
8. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.....	40
9. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	40
10. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO	45
11. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	51
12. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	51
13. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	52
14. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.....	53
15. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR	53
16. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR.....	57
17. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	61
18. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA	64
19. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN	65
20. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	66
21. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL	77
22. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES	83
23. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL	84
24. PLAN ABALAR/EDIXGAL	91
25. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE	95

26. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO	95
26.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA ... ¡Error! Marcador no definido.	
26.2. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE	97
26.3. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	99
26.4. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓ DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN	103
27. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL	103
27.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.	104
27.2. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO	104
27.3. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO	105
27.4. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE	107
27.5. HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL	108
28. PLURILINGÜISMO	108
28.1. COORDINADORES.....	108
28.2. OFERTA (SECCIÓNS, CENTROS PLURILINGÜE, PLURINFANTIL)	108
28.3. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES	109
28.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA 112	
29. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL	113
30. PLAN PROXECTA.....	114
31. OUTROS PANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO	114
32. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	116

INTRODUCCIÓN:

Despois de tres difíciles anos enfrentando unha pandemia mundial e os condicionantes sociosanitarios ligados a ela, este ano se presenta como unha volta á normalidade que enche a nosa Comunidade Educativa de ledicia. Todas as persoas que a conformamos estabamos desexando volver a vivir uns patios conxuntos, realizar saídas en grupo, desfrutar das familias dentro do cole e perder un pouco o medo e a ansiedade que a situación de pandemia xerou en nós. É ben certo que esta situación deixou un pouso e agora, se cabe, estamos algo máis nerviosos e incluso menos tolerantes, pero esperamos que a volta a normalidade vaia devolvéndonos as ganas e a alegría.

Continuamos o mesmo equipo directivo que comezamos o curso 2019 (2019-2023) e, tal e como o fixemos o pasado curso, presentamos unha PXA que define e promove unha idea comprometida co sistema educativo público, responsable coa inclusión educativa, respectuosa coa normalización lingüística e garante dun ensino aberto ás novas concepcións pedagóxicas que xorden dende as correntes modernas cara ao logro das competencias das persoas, do cooperativismo e dun centro educativo activo, alegre, responsable e xerador de cambios sociais. Dando especial importancia á igualdade entre homes e mulleres, á convivencia, a crear no alumnado unha conciencia crítica comprometida co coidado do planeta e tamén á democracia e o respecto aos demais, sexa cal sexa o seu pensar ou sentir. Este ano volveuse a modificar o noso claustro e outra vez toca nun primeiro momento engranar de volta as pezas que formamos esta Comunidade Educativa. O que sí xa podemos dicir este ano é que, o noso anhelo como equipo directivo cando presentamos o proxecto de dirección que era conseguir realizar actividades permitindo que o alumnado se agrupara dun xeito heteroxéneo e internivel coa riqueza que isto entendemos que supón, xa podemos levalo a cabo este ano.

Este documento tenta deixar constancia de todas as actividades, proxectos, plans e do día a día da escola. Un documento que clarifica a visión de centro que temos e as actuacións que levaremos a cabo neste actual curso escolar.

Tanto o claustro como o equipo directivo estamos realmente ilusionados polos novos proxectos que emprendemos neste curso escolar. Despois dunha grande reflexión metodolóxica o curso pasado comezamos a camiñar por un camiño que é o que consideramos e que esperamos dea como fruto grandes aprendizaxes e proxectos que repercutan no entorno e que axuden a formar a nenos e nenas comprometidos coa sociedade, alegres, dinámicos, cheos de alternativas para solucionar problemas e conscientes de todo o que poden ofrecer para que este

mundo sexa un lugar mellor para todas e todos. E, para acadalo, sen dúbida é imprescindible a implicación das familias e a relación co entorno próximo, polo que vamos decididos a entre todas e todas converter este novo curso nun ano de aprendizaxes.

É un ano complicado a nivel normativo, xa que conviven nas nosas aulas dúas leis educativas e debemos enfrentar grandes cambios a diferentes niveis. Entendemos que este será un ano de aprendizaxes e o curso vindeiro, cando a LOMLOE se aplique para toda a etapa será moito máis fácil tomar decisións.

Con todo isto entre mans desexamos que este ano sexa fonte de aprendizaxes para mestras, alumnado e familias e por extensión para toda a Comunidade Educativa e que rematemos o curso escolar 22-23 cheos de ledicia por tódolos logros e aprendizaxes acadados e por ter cumprido en grande modo todo o que nos plantexamos nesta PXA.



1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Despois de facer un traballo de valoración da memoria do curso 2021_2022 anotaremos como obxectivos para este ano aqueles que quedaron sin acadar no pasado curso e tamén aqueles outros que xurden ou parecen importantes a conseguir neste curso.

Comezaremos redactando ou reformulando aqueles que quedaron sen acadar e que nos resultan de especial importancia polo que voltaremos a traballalos este ano e incluiremos logo outros que sexan de nova incorporación este ano.

Ademais disto, recolleremos tamén algúns obxectivos xenéricos que guiarán a nosa práctica todo o curso e podemos dicir tamén o período de 4 anos que abrangue o proxecto de dirección e a idea de centro que presentamos o ano pasado. A continuación recolleremos os obxectivos principais que nos marcamos de cara a este curso escolar.

Serán obxectivos que terán en conta diferentes ámbitos:

- . As relacións persoais e a convivencia xeral de centro
- . O proceso de ensino- aprendizaxe
- . O propio centro en sí como edificio.
- . Os servizos que o centro oferta
- . As actividades a realizar.

Obxectivo: Fomentar a participación do claustro na vida do centro e o traballo en equipo			
Acción 1	Crear espazo para as reunións de todo o claustro, dos equipos e ciclos e velar e axudar para que estas xuntanzas se fagan, lembrándoo ás mestras.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Recóllense estas reunións no horario e cúmprense		
Responsables	Equipo directivo da organización, mestras do cumprimento.		
Recursos e materiais	Ordenadores		
Acción 2	Levar a cabo un PFPP no centro (Continuidade co do curso anterior, pero con variación das liñas de traballo)		
	Temporalización		

	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Levamos a cabo o PFPP e participa alomenos o 50% do profesorado		
Responsables	Dirección		
Recursos e materiais	CFR		
	Comezaremos o PFPP deste ano facendo unha liña sobre matemáticas manipulativas e outra sobre prácticas restaurativas.		
Acción 4	Mellorar a coordinación dos mestres en relación á intervención educativa do alumnado dentro do Plan de Atención á Diversidade. Atopar espazo no horario mensual para reunións sobre este tema. (Continuidade do curso pasado)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	O traballo co alumnado, sobre todo de neae ten coherencia e está ben coordinado, buscando estratexias conxuntas.		
Responsables	Organiza o equipo directivo e departamento de orientación. Leva a cabo o claustro		
Recursos e materiais	Horario e o propio documento como base.		

Obxectivo: Mellorar o entorno físico do centro			
Acción 1	Mellorar e sacar partido de zonas infrautilizadas por todo o centro, dándolles un sentido e uso didáctico, sobre todo corredores e zonas comúns. (Continuidade xa que non se acadou de todo o curso pasado)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T X
Indicador	Créanse espazos para o disfrute do alumnado en corredores, vestíbulos...		
Responsables	Equipo directivo impulsa, claustro leva a cabo e colabora.		
Recursos e materiais	Orzamento do centro		
Acción 2	Manter a orde na aula de Plástica e velar porque haxa todo o material necesario nomeando un encargado deste espazo.		

	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Esta aula funciona a total rendimento e hai o material preciso e está ordeado.		
Responsables	Equipo directivo nomea ao encargado e o encargado realiza a tarefa encomendada..		
Recursos materiais e	Tempo e orzamento do centro.		
Acción 3	<p>Dar valor ao noso patio e, en colaboración coa ANPA do centro, mellorar os espazos exteriores aumentando as alternativas de xogos e enriquecendo as propostas para que redunde nun clima favorable nos recreos, atendendo aos distintos intereses dos nenos e nenas e, ampliando as opcións de xogo.</p> <p>Pintado das gradas.</p> <p>Mellora da zona de caucho do patio de abaixo.</p> <p>(Continuidade do ano pasado que quedou moi avanzado, seguiremos traballando nesta liña)</p>		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Crear distintas zonas de xogo no patio exterior		
Responsables	Equipo directivo impulsa, claustro, alumnado e familias levan a cabo e colaboran		
Recursos materiais e	Ferramentas, tempo e orzamento do centro.		
Acción 4	<p>Mellorar o acceso ao invernadoiro.</p> <p>(Non acadado o curso pasado- Continuación)</p>		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Cérrase o espazo no que se atopa e faise a entrada dende a acera.		
Responsables	Concello		
Recursos materiais e	Orzamento concello		

Acción 5	Mellorar os rincóns de actividade na biblioteca creando a zona de costura e de legos. (Conseguíuse xa moito, pero temos que seguir mellorando)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Habilítanse espazos “inclusivos” e dótase de fondos que favorecen a inclusión. Crease unha zona de costura. Crease unha zona de legos. Colocanse auriculares para poder escoitar audiolibros.		
Responsables	Equipo directivo impulsa, equipo de biblioteca leva a cabo.		
Recursos e materiais	Orzamento da consellería adicado a iso.		

Obxectivo: Crear unha conciencia medioambiental na nosa comunidade educativa, tentando sentar bases de respecto á natureza.

Acción 1	Seguir a traballar na recollida selectiva de lixo. (De continuidade co traballo do curso pasado que xa foi acadado)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	En cada clase sepárase axeitadamente o lixo e o alumnado encargado de facelo leva o lixo aos contedores de fora do centro.		
Responsables	Claustro		
Recursos e materiais	Papeleiras de reciclaxe. Humanos		
Acción 2	Fomentar as iniciativas que potencien o coidado do planeta: charlas, plantacións, iniciativas.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Participamos en distintas iniciativas neste sentido		
Responsables	Impulsa o equipo directivo, participa e colabora o claustro.		
Recursos e materiais	As propias iniciativas e convocatorias.		

Acción 3	Reducir o uso de plásticos no centro.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Emprégase menos plástico en todas as actividades que se fagan no centro, mesmo nas decoracións.		
Responsables	Equipo directivo impulsa, claustro, alumnado e familias levan a cabo e colaboran		
Recursos e materiais	Humanos		
Acción 4	Participación en plans que promovan este tipo de educación sostible: PROXECTO TERRA, VOZ NATURA... (Continuación co traballo do ano pasado)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Solicitamos eses plans para o noso centro		
Responsables	Equipo directivo		
Recursos e materiais	Ordenadores.		
Acción 5	Continuar facendo fincapé na importancia de apagar luces, aforrar auga... (Continuidade do traballo do ano pasado e obxectivo para todos os anos)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Os nenos e nenas coñecen estas regras importantes		
Responsables	Claustro		
Recursos e materiais	Humanos		
Acción 7	Continuar plantando e traballando co horto escolar.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X

Indicador	Plantamos e sacamos partido deste espazo do centro
Responsables	Equipo voz natura.
Recursos e materiais	

Obxectivo: Actualizar e facer operativos os documentos de centro			
Acción 1	Levar a cabo un desenvolvemento máis avanzado do plan de acción tutorial, con obxectivos ben diseñados e precisos. (Continuar co traballo comezado o curso anterior, pero non foi de todo acadado)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	A finais de curso fixéronse avances neste sentido.		
Responsables	CCP		
Recursos e materiais	Tempo.		
Acción 4	Realizar un simulacro de evacuación no centro. (Este obxectivo non se acadou o curso pasado, traballaremos outra vez nel)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Realízase un simulacro e dase a coñecer o plan ao claustro de mestres e á comunidade educativa.		
Responsables	Equipo directivo. Axuda de docencia ou asesoramento.		
Recursos e materiais	Tempo.		

Obxectivo: Mellorar a relación familia- escola	
Acción 1	Seguir traballando de xeito constante na Escola de familias do centro. Retomar as merendas en comunidade.

	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Lévanse a cabo as charlas, xuntanzas e acuden as familias.		
Responsables	Dirección e ANPA		
Recursos materiais	Espazo. Orzamento do centro. Colaboradores externos.		
Acción 2	Abrir as actividades e conmemoracións do centro á participación familiar.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Realízanse invitacións ás familias e acuden		
Responsables	Claustro		
Recursos materiais	Tempo e diferentes materiais.		
Acción 3	Coordinarse mellor e reunirse habitualmente coa ANPA do centro para buscar vías de traballo comúns.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Planifícanse reunións trimestrais (mínimo) e lévanse a cabo.		
Responsables	Equipo directivo		
Recursos materiais	Tempo		
Acción 4	Potenciar a participación e a colaboración dos distintos sectores da comunidade educativa na vida do colexio para conseguir unha formación básica, solidaria e que contribúa á efectiva igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tal e como se recolle nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. (DOG. 03/08/2004).		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Fanse actividades e accións en común		
Responsables	Equipo directivo		

Recursos e materiais	

Obxectivo: Enriquecer a relación do centro co entorno (asociacións, concello, protección civil, centros adscritos, centros veciños...)

Acción 1	Programar trimestralmente accións que repercutan ou impliquen colaboración con distintas asociacións.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Fanse actuacións neste sentido.		
Responsables	Claustro		
Recursos e materiais	Orzamento de centro		
Acción 2	Participar de iniciativas culturais propostas por asociacións ou concello.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Participamos nestas actividades		
Responsables	Claustro		
Recursos e materiais	Orzamento de centro para transportes...		
Acción 3	Buscar canles de unión e actividades que axuden ao noso alumnado de 6º a crear vínculos co alumnado dos centros veciños cos que van a coincidir no instituto o ano seguinte.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Prográmanse actividades comúns		
Responsables	Equipo directivo. Orientación.		
Recursos e materiais			
Acción 4	Achegar ao noso alumnado ao instituto ao que van a acudir.		

	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Programaranse actividades para que o alumnado visite o instituto, aínda que non sexa presencialmente, tentaremos dalgún xeito que se acheguen á realidade que vivirán o curso seguinte.		
Responsables	Equipo directivo e orientación.		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Reflexionar e afondar en concepcións pedagóxicas e metodolóxicas que redunden na mellora do proceso de ensino- aprendizaxe do noso alumnado.			
Acción 1	Fomentar e apoiar o emprego de metodoloxías activas e colaborativas que fomenten un traballo máis competencial e enriquezan o proceso de aprendizaxe do alumnado.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Apoianse as iniciativas que se levan a cabo neste sentido		
Responsables	Equipo directivo.		
Recursos e materiais			
Acción 2	Realizar xuntanzas habitualmente para reflexionar sobre estes temas. Reservar parte da tarde dos martes para realizar xuntanzas para coordinar e falar destes temas. (Continuidade do curso pasado)		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Establécense as reunións.		
Responsables	Equipo directivo		
Recursos e materiais	Horarios		
Acción 3	Buscar actividades e propostas didácticas enriquecedoras, completas e diversas para o noso alumnado que dean cabida aos múltiples niveis		

	de desenvolvemento e teñan en conta as fortalezas e puntos febles, valorando a individualidade das nenas e nenos. Levar a cabo a titoría dende un enfoque DUA. Continuar co clube de lectura iniciado o curso pasado.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Lévanse a cabo este tipo de actividades e levamos a cabo formación sobre o tema.		
Responsables	Claustro.		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Traballar no fomento dunha educación democrática e respectuosa co alumnado			
Acción 1	Crear e por en práctica a asemblea xeral escolar. Facer un calendario de xuntanzas mensuais.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º TX
Indicador	Realízanse asembleas xerais		
Responsables	Titores, equipo directivo e alumnado		
Recursos e materiais	Tempo		

Obxectivo: Fomentar o uso das TICS.			
Acción 1	Fomentar e apoiar a utilización da páxina web e os pestanas das aulas como vía de comunicación e elemento dinamizador das novas tecnoloxías para a comunidade educativa. Designar unha persoa encargada.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	A web está actualizada e énchese de contidos		

Responsables	Claustro e coordinadora TICS e persoa encargada.
Recursos e materiais	Equipamento informático.

Obxectivo: Dar valor a avaliación como un elemento esencial para a mellora			
Acción 1	Establecer unha avaliación do claustro dúas veces no curso.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T X
Indicador	Realízase unha enquisa en decembro e outra a fin de curso.		
Responsables	Claustro		
Recursos e materiais	Enquisas		
Acción 2	Establecer mecanismos para avaliación, por parte das familias, de diferentes aspectos relacionados coa marcha xeral do centro, en diferentes momentos do curso escolar		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T X
Indicador	No Consello Escolar final de curso trasladaranse os resultados da enquisa e na memoria final escolar redactarase un informe cos resultados acadados na enquisa que se pasará ás familias.		
Responsables	Equipo directivo		
Recursos e materiais	Enquisas		
Acción 3	Sacar máis proveito das reunións de avaliación dos nenos e nenas, tentando poñer en valor as posibilidades e puntos fortes para aprender a sacar partido ás diferenzas do noso alumnado e conseguir un centro máis inclusivo. Establecendo un modelo de acta que facilite a recollida de información.		
	Temporalización		
	1º T	2º T X	3º T X

Indicador	As reunións de avaliación son productivas
Responsables	Equipo docente.
Recursos e materiais	

Estes foron os obxectivos propostos o pasado curso, coas modificacións expresadas para este curso. Agora incluiremos os obxectivos establecidos para este curso escolar ou as accións e que non estaban incluídos no anterior curso:

Obxectivo: Mellorar o entorno físico do centro			
Acción 1	Crear unha zona de xogo no patio da ladeira creando unha casiña nas árbores.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T
Indicador	Realízase a casiña.		
Responsables	Equipo directivo impulsa, comunidade educativa leva a cabo.		
Recursos e materiais	Orzamento do centro		
Acción 1	Crear un escenario na zona inferior do patio da ladeira para conseguir un anfiteatro natural.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Realízase o escenario.		
Responsables	Equipo directivo impulsa, conxerxe e comunidade educativa leva a cabo.		
Recursos e materiais	Orzamento do centro		
Acción 3	Insistir na solicitude a xefatura para o cambio paulatino da carpintería de alumnio das ventás e das persianas debido a que están moi deterioradas.		
	Temporalización		

	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Escríbese sobre esta necesidade.		
Responsables	Equipo directivo impulsa, Xefatura concede e realiza a obra.		
Recursos e materiais	Orzamento da Consellería.		
Acción 4	Mellora da sinalización dos espazos do centro mediante a colocación de paneis informativos e sinalética que permite localizar os espazos do cole dun xeito visual e sinxelo.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Colócanse, vinilos, carteis...que permiten localizar os diferentes espazos.		
Responsables	Equipo directivo impulsa e leva a cabo.		
Recursos e materiais	Orzamento do centro		
Acción 5	Mellorar o patio inferior e comezar coa retirada do caucho para conseguir un patio máis natural e con máis opcións de xogo. Solicitar a retirada do caucho á Consellería.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Faise a solicitude á Consellería para conseguir fondos para levar a cabo o proxecto.		
Responsables	Equipo directivo impulsa, a Consellería concede o orzamento.		
Recursos e materiais	Orzamento da Consellería.		

Obxectivo: Fomentar o uso das TICS.			
Acción 1	Seguir a traballar co noso alumnado no emprego da aula virtual do centro como medio para manter o proceso de ensino- aprendizaxe no caso de que volva a interromperse, una clase ou en todo o centro.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X

Indicador	A aula virtual está operativa e o alumnado e mestres saben empregala.		
Responsables	Claustro e coordinadora TICS e administradoras da aula virtual.		
Recursos e materiais	Equipamento informático.		
Acción 2	Encargar ao noso alumnado tarefas extraescolares que impliquen o emprego das TICS para favorecer o traballo en equipo e tamén practicar no uso destas ferramentas para favorecer o paso a una educación non presencial, se fóra o caso.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Encoméndanselle tarefas telemáticas.		
Responsables	Claustro e coordinadora TICS e administradoras da aula virtual.		
Recursos e materiais	Equipamento informático.		
Acción 3	Abrir o centro a través de diferentes recursos telemáticos ás familias.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Colganse na web noticias, compártense por correo, na aula virtual... actividades ou novas do centro que fan partícipes ás familias do que está a suceder no centro.		
Responsables	Claustro e coordinadora TICS e encargada da web do centro.		
Recursos e materiais	Equipamento informático.		

Obxectivo: Mellorar a xestión do equipamento informático e audiovisual			
Acción 1	Inventariar todos os equipos informáticos do centro, revisando e dando de Baixa os inservibles.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T
Indicador	Realízase o inventario.		
Responsables	Coordinadora TICS e secretaria.		

Recursos materiais e	Tempo		
Acción 2	Etiquetar todos os equipos para poder localizalos no centro.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Todos os equipos están identificados a final de curso e hai unha listaxe dos mesmos.		
Responsables	Coordinadora e equipo TICS.		
Recursos materiais e	Tempo e material funxible tal como pegatinas.		
Acción 3	Redactar e envían solicitude para reemplazar o equipamento inservible.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Faise a solicitude do material dado de baixa.		
Responsables	Coordinadora e equipo TICS. Secretaria envía a solicitude.		
Recursos materiais e	Tempo		
Acción 4	Dinamizar a radio escolar grabando pequenas producións e empregar no centro o equipo de megafonía interno.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Mensualmente hai unha produción feita na radio e se modifican as melodías empregadas para entradas e saídas.		
Responsables	Equipo TICS e persoa encargada da raio escolar en coordinación coas titoras.		
Recursos materiais e	Tempo		

Obxectivo: Dinamízase a biblioteca escolar.	
Acción 1	Formar as mestras no funcionamento do novo programa e nova distribución da biblioteca escolar.

	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T
Indicador	Realízanse actividades de formación.		
Responsables	Coordinadora e equipo de biblioteca.		
Recursos e materiais	Tempo		
Acción 2	Fórmación os novos axudantes de biblioteca.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	O alumnado sabe o que ten que facer na biblio e realízase a formación do equipo de axudantes.		
Responsables	Coordinadora e equipo Biblio.		
Recursos e materiais	Tempo.		
Acción 3	Programar actividades para as tardes e os recreos para o alumnado e tamén alumnado e familias.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Hai actividades pensadas e organizadas para os momentos de ocio na biblioteca.		
Responsables	Coordinadora e equipo biblio.		
Recursos e materiais	Tempo e orzamento de centro adicado á biblioteca para mercar materiais.		
Acción 4	Aportar ideas de actividades que contribúan a profundizar no Proxecto de centro, aportando materiais e fondos sobre o tema. Participar nelas dende as titorías.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Dende a biblioteca hai propostas puntuais para dinamizar este aspecto.		
Responsables	Coordinadora e equipo biblio. Titoras participan.		
Recursos e materiais	Tempo		

Obxectivo: Innovar nas propostas metodolóxicas e de actividades para conseguir mellorar a formación e a aprendizaxe competencial do noso alumnado.

Acción 1	Realizar ámbitos de aprendizaxe nas que o alumnado mesturado por idades poida poñer en xogo as súas aprendizaxes, aprender dun xeito máis competencial e conectar as súas aprendizaxes coa vida real.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Lévanse a cabo os ámbito internivel e as tarefas levadas a cabo neles contribúen á súa formación competencial.		
Responsables	Organización equipo directivo. Práctica, mestras.		
Recursos materiais	Tempo		
Acción 2	Realizar saídas culturais e didácticas relacionadas cos contidos traballados para ver na realidade a aplicación de aquilo que están a aprender.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Realízanse saídas.		
Responsables	Coordinadora extraescolares e mestras.		
Recursos materiais	Tempo e orzamento de centro ou por parte das familias.		
Acción 3	Participar en diferentes propostas e plans da Consellería que repercutan na mellora da formación do alumnado: Contratos Programa e diferentes convocatorias.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Faise a solicitude das convocatorias que consideremos proveitosas para elas.		
Responsables	Coordinadora extraescolares e dirección.		
Recursos materiais	Tempo		

Acción 4	Levar a cabo actividades ou dinámicas nas aulas que busquen a mellora da convivencia, a atención á diversidade...		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Fanse actividades que vaian encamiñadas a isto.		
Responsables	Coordinadora extraescolares, equipo directivo e orientadora.		
Recursos e materiais	Tempo e material funxible.		

Obxectivo: Formar ao noso alumnado como persoas críticas e democráticas comprometidas coa sociedade.

Acción 1	Traballar na conciencia do alumnado sobre os ODS		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	O alumnado reconece os ODS e vai entendendo de que xeito se pode participar para acadalos.		
Responsables	Coordinadora Contratos Programa e dirección.		
Recursos e materiais	Tempo		
Acción 2	Levar a cabo actividades que redunden na educación en igualdade e coeducación.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Ao longo do curso son plantexadas actividades e iniciativas que buscan o traballo destes temas.		
Responsables	Coordinadora Contratos Programa e dirección.		
Recursos e materiais	Tempo e material funxible.		
Acción 3	Plantexar actividades relacionadas e orientadas á mellora da Convivencia escolar, tales como os círculos restaurativos como prácticas habituais nas titorías.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Este tipo de actividades son unha práctica habitual no centro.		

Responsables	Coordinadora Contratos Programa e dirección.		
Recursos materiais	Tempo e material funxible.		
Acción 4	Realizar propostas relacionadas coa inclusión e ofrecer formación neste sentido.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Levanse a cabo as actividades e a formación.		
Responsables	Coordinadora Contratos Programa e dirección.		
Recursos materiais	Tempo e material funxible.		

Por último, parécenos de vital importancia anotar como obxectivo o que sigue:

Obxectivo: Traballar intensamente para conseguir o benestar emocional do noso alumnado para compensar as posibles carencias que vivan ou poidan sufrir.			
Acción 1	Instaurar a práctica da asemblea en todas as aulas de primaria para adicar parte da xornada escolar a preocuparse do estado emocional e afectivo do noso alumnado para, no seu caso, axudar a compensar carencias ou a reforzar aspectos importantes que as nenas e menos precisen.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Todas as titoras levan a cabo a asemblea nas súas aulas.		
Responsables	Equipo directivo impulsa, titoras levan a cabo.		
Recursos materiais	Mestras e nenas/os, tempo.		
Acción 2	Levar a cabo iniciativas que poñan en valor a singularidade das nenas e nenos e a súa propia existencia como parte da nosa comunidade.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Realízanse actividades neste sentido: felicitacións de aniversario, celebración de logros acadados fora do cole...		
Responsables	Equipo directivo, mestras titoras e nenas/os.		

Recursos materiais e	Material funxible.		
Acción 3	Estar atentos e expectantes ante calquera cambio afectivo ou emocional que afecte ao noso alumnado.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Somos conscientes do estado de ánimo dos nenos/as.		
Responsables	titoras		
Recursos materiais e	Persoais.		

2. CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE

O curso pasado aprobamos o PE en Consello Escolar. Tendo en conta que é de recente creación hai poucos aspectos que debamos modificar, pero si hai algúns.

O primeiro e máis importante é o referido aos ámbitos de aprendizaxe. O curso pasado os ámbitos levábanse a cabo por titoría para atender aos requerimentos da COVID, pero este ano, a franxa de ámbitos que farán conxuntamente as titorías de 1º a 6º serán por idades mesturadas. O grupo de 1º e 2º farán os ámbitos conxuntamente de xeito rotativo cada quince días:

Ciencias Sociais_ Lingua Galega
 Ciencias Naturais_ Matemáticas
 Artístico (Música e Plástica)

Os grupos de 3º e 4º mesturaránse e farán dous grupos mixtos e realizarán os mesmos ámbitos de xeito quincenal.

E, por último, 5º e 6º formarán un grupo para traballar nesa franxa da xornada quincenalmente nos mesmos ámbitos arriba mencionados.

Ademais disto e tendo en conta que a nova normativa xa o recollía. O alumnado de 1º, 3º e 5º terán esas materias agrupadas en ámbitos todo o horario lectivo. 2º, 4º e 6º pasarán a facer o mesmo en canto a normativa o recolla, que será previsiblemente e se non se producen cambios o curso vindeiro.

Ademais desta modificación significativa, dende este curso escolar ningún nivel no noso centro empregan libros de texto. Isto non implica que non poidan ser empregados para consulta, para realizar tarefas ou para seguir unha programación nun determinado momento, pero o que sí que significa é que non serán a base do traballo para a aula.

Por outra parte e despois das modificacións sufridas pola COVID tamén se levaron a cabo modificacións nos horarios que alí se recollen, pero este aspecto xa é tratado máis a fondo noutro punto deste documento, polo que non vamos a incluír aquí as modificacións para que non resulte repetitiva a súa lectura.

Outro cambio con respecto ao recollido no PE é o referido ás unidades do centro. No momento de redacción dese documento tiñamos 5 unidades en funcionamento, pero 6 por catálogo. Este ano levouse a cabo unha modificación no catálogo e temos xa 5 unidades de Primaria. Esperamos recuperar matrícula pouco a pouco para recuperar esa unidade que perdemos, tan importante para nós.

Tamén seguimos realizando formación sobre matemáticas para poder levar a cabo un ensino desta materia dun xeto máis significativo e baseado na manipulación.

En canto aos criterios de promoción e os acordos para os boletíns, teremos que levar a cabo modificacións xa que a nova normativa nos obriga a facelo. No momento de redacción deste documento non están todavía consensuados eses criterios sobre os acordos para os boletíns. Os acordos sobre promoción para os cursos impares foron publicados o curso pasado na web do centro. Este curso ao convivir nos centros dúas leis educativas haberá que clarificar ben cales son os requisitos segundo os cursos. No momento en que o claustro clarifique estes aspectos serán publicados e notificados ás familias para o seu coñecemento.

Non hai máis modificacións significativas que deban ser aquí recollidas.

3. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA



EQUIPO DIRECTIVO
DIRECTORA: EVA AMALIA GROBAS FERNÁNDEZ
XEFE DE ESTUDOS: IAGO HERVELLA PÉREZ
SECRETARIA: PATRICIA MERCHÁN RÍO

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA
DIRECTORA: EVA AMALIA GROBAS FERNÁNDEZ
XEFE DE ESTUDOS: IAGO HERVELLA PÉREZ
ORIENTADORA: PAULA EVA GONZÁLEZ GÓMEZ
COORDINADORA BIBLIOTECA: VANESA FERNÁNDEZ CORDEIRO
COORDINADORA DINAMIZACIÓN: ROCÍO AGULLA FERVENZA
MESTRA DE PT: ROCÍO AGULLA FERVENZA
MESTRA DE AL: MARÍA TERESA RODRIGUEZ COUSO
TITORES DE PRIMEIRO A SEXTO: VICTORIA CASTILLO GARCÍA, PATRICIA MERCHÁN RÍO, MARÍA TERESA ESTEVEZ COSTA, MARÍA BEATRIZ ÁLVAREZ VILA, ADOLFINA OTERO MOLEDO.
COORDINADORA DE EDUCACIÓN INFANTIL: VANESA FERNÁNDEZ CORDEIRO

CLAUSTRO DE MESTRAS
TITORES
TITORA 4º INFANTIL: EVA AMALIA GROBAS FERNÁNDEZ
TITORA 5º INFANTIL: MARTA SIERRA ABRAIN
TITORA 6º INFANTIL: VANESA FERNÁNDEZ CORDEIRO
TITORA 1º: VICTORIA CASTILLO GARCÍA
TITORA 2º: PATRICIA MERCHÁN RÍO
TITORA 3º: MARÍA TERESA ESTEVEZ COSTA
TITORA DE 4º E 5º: MARÍA BEATRIZ ÁLVAREZ VILA
TITOR DE 6º: ADOLFINA OTERO MOLEDO

MESTRES ESPECIALISTAS
LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS: BELÉN BERE A CRUZ E ELISA PIDAL PARDO
EDUCACIÓN FÍSICA: IAGO HERVELLA PÉREZ
EDUCACIÓN MUSICAL: MANUEL MARTÍNEZ SANTIAGO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: ROCÍO AGULLA FERVENZA
AUDICIÓN E LINGUAXE: MARÍA TERESA RODRIGUEZ COUSO
ORIENTACIÓN: PAULA EVA GONZÁLEZ GÓMEZ
RELIXIÓN CATÓLICA: MARÍA PILAR BARREIRO RODRIGUEZ RELIXIÓN EVANXÉLICA: ALEXANDRA CARREGAL LÓPEZ

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA
COORDINADORA: VANESA FERNÁNDEZ CORDEIRO
<ul style="list-style-type: none"> • MARTA SIERRA ABRÁIN • MARÍA TERESA ESTEVEZ COSTA • BELÉN BERE A CRUZ • MARÍA TERESA RODRIGUEZ COUSO • MARÍA PILAR BARREIRO RODRIGUEZ • PATRICIA MERCHÁN RÍO
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
COORDINADORA: ROCÍO AGULLA FERVENZA
<ul style="list-style-type: none"> • EVA AMALIA GROBAS FERNÁNDEZ • ADOLFINA OTERO MOLEDO • ELISA PIDAL PARDO • IAGO HERVELLA PÉREZ
EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
<ul style="list-style-type: none"> • COORDINADORA: EVA AMALIA GROBAS FERNÁNDEZ
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TICS

<ul style="list-style-type: none"> • COORDINADORA: VICTORIA CASTILLO GARCÍA
<ul style="list-style-type: none"> • MANUEL MARTINEZ SANTIAGO • MARÍA BEATRIZ ÁLVAREZ VILA
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
XEFA DO DEPARTAMENTO: PAULA EVA GONZÁLEZ GÓMEZ
<ul style="list-style-type: none"> • MESTRA DE PT: ROCIO AGULLA FERVENZA • MESTRA DE AL: MARÍA TERESA COUSO • COORDINADORA INFANTIL: VANESA FERNÁNDEZ CORDEIRO • TITORA 1º: VICTORIA CASTILLO GARCÍA • TITORA 2º: PATRICIA MERCHÁN RÍO • TITORA 3º: MARÍA TERESA ESTÉVEZ COSTA • TITORA 4º 5º: MARÍA BEATRIZ ÁLVAREZ VILA • TITORA 6º: ADOLFINA OTERO MOLEDO

CONSELLO ESCOLAR
PRESIDENTA: EVA AMALIA GROBAS FERNÁNDEZ
SECRETARIA: PATRICIA MERCHÁN RÍO
XEFE DE ESTUDOS: IAGO HERVELLA PÉREZ
REPRESENTANTES DAS MESTRAS: <ul style="list-style-type: none"> • MARTA SIERRA ABRAIN • VANESA FERNÁNDEZ CORDEIRO • VICTORIA CASTILLO GARCÍA • MARÍA BEATRIZ ÁLVAREZ VILA
REPRESENTANTES DAS FAMILIAS: <ul style="list-style-type: none"> • AMANDA VILLAVERDE EIROA • MARTINA GESTIDO RODRÍGUEZ • ITZIAR SOTO SOTELO
REPRESENTANTE DA ANPA: <ul style="list-style-type: none"> • LORETO GARCÍA RODRÍGUEZ
REPRESENTANTE PERSOAL NON DOCENTE: <ul style="list-style-type: none"> • MARÍA JOSÉ IGLESIAS AREA

REPRESENTANTE DO CONCELLO:

- ODILO BARREIRO MARTÍNEZ

Este curso escolar toca renovación do Consello Escolar polo que renovaremos tamén a composición da comisión económica e a de convivencia xa que hai persoas que eran membros e xa non forman parte deste órgano. No mes de decembro que previsiblemente realizaremos a Constitución do Consello Escolar, constituiremos tamén estas comisións.

4. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN S DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

A. CLAUSTRO

O claustro de mestras e mestres reunirse a lo menos unha vez ao trimestre e, unha ao principio e outra a final de curso, de xeito ordinario. Ademais prevense reunións extraordinarias para tratar temas de importancia que xurdan como as convocatorias de permanencia en PLAMBE ou calquera outro programa ou plan para o que sexa necesaria a súa xuntanza e aprobación.

- Nº REUNIÓN S E TEMAS A TRATAR

REUNIÓN Nº: 1	Data: 7 de setembro	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 2	Data: 11 de outubro	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 3	Data: outubro	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 4	Data: novembro	Ordinario:	Extraordinario: X
REUNIÓN Nº: 5	Data: xaneiro	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 6	Data: abril	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 7	Data: finais xuño	Ordinario: X	Extraordinario:
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none">• Inicio de curso. Adscrición de profesorado.• Aprobación da PXA• Renovación Consello Escolar			

- Votación do Consello Escolar
- Revisión da PXA
- Aprobación dos orzamentos.
- Revisión da PXA
- Memoria fin de curso
- Calquera outro tema de interese ou necesario de ser tratado.

B. CONSELLO ESCOLAR

O consello escolar ao igual que o claustro reunirase unha vez cada trimestre, e unha vez ao principio de curso e ao final, ademais de todas as veces que sexa necesario e sexa convocado pola súa presidente ou pola maioría dos seus membros.

REUNIÓN Nº: 1	Data: 11 de outubro	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 2	Data: novembro	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 1	Data: decembro	Ordinario:	Extraordinario: X
REUNIÓN Nº: 2	Data: xaneiro	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 3	Data: abril	Ordinario: X	Extraordinario:
REUNIÓN Nº: 4	Data: xuño	Ordinario: X	Extraordinario:
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none"> • Inicio de curso • Aprobación da PXA • Constitución do Consello Escolar • Aprobación das contas • Revisión da PXA • Aprobación dos orzamentos. • Revisión da PXA • Memoria fin de curso • Calquera outro tema de interese ou necesario de ser tratado. 			

C. CCP

A CCP reunirse trimestralmente a lo menos, aínda que podería haber máis xuntanzas para tratar temas diversos. Ademais de facer unha a principio e finais de curso. Os temas das reunións serán variados e distintos e de interese para os mestres/as e para organizar, coordinar... actividades, plans, programacións...

Fixamos a data da primeira reunión e non as seguintes xa que a mestra de AL e a orientadora non están todos os martes no centro xa que son compartidas.

REUNIÓN Nº: 1	Data: 27 de setembro	Temas: Constitución, plans específicos, ACIs, Propostas DUA titorías
REUNIÓN Nº: 2	Data: por determinar	Temas: directrices para Plan Lector, Plan de acción tutorial, Concreción curricular
REUNIÓN Nº: 3	Data: por determinar	Temas: directrices para Plan Lector, Plan de acción tutorial, Concreción curricular
Temas a tratar:		
<ul style="list-style-type: none">• Organización pedagóxica• Revisión e directrices para o paso de infantil a primaria• Valoración e estudo para a organización dos tempos de lecer• Revisión e directrices para o plan de acción tutorial• Plan de convivencia• Criterios para a elaboración do PE e os documentos que o integran		

5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN

O equipo directivo está composto por:

- Eva Amalia Grobas Fernández. Directora
- Iago Hervella Pérez. Xefe de estudos
- Patricia Merchán Río. Secretaria

O traballo prioritario do equipo directivo é o desenvolvemento dos obxectivos específicos e as actuacións propostas para este curso no proxecto de dirección que, moitas delas se recollen nesta PXA.

Ademais destas actuacións correspóndelle ao equipo directivo:

Realiza-lo traballo no centro segundo a normativa vixente.

Destacando:

- Asignar titorías.
- Elaborar horarios
- Elaborar calendario de recreos e reunións
- Definir grupos.
- Tramitar altas e baixas de alumnado
- Definir obxectivos prioritarios para o curso
- Tramitar correspondencia
- Elaborar PXA e memoria
- Establecer criterios para elaborar o presuposto do centro
- Rexistrar ausencias do profesorado
- Organizar transporte e comedor
- Solicitar ao concello a realización de obras e reparacións
- Colaborar co IES adscrito

Dinamizar o funcionamento de claustro e consello escolar.

Destacando:

- Impulsar celebracións
- Incrementar a participación do profesorado en proxectos e plans
- Deseñar reunións de titoría
- Facer un seguimento do grao de cumprimento da PXA
- Revisar o plan de convivencia
- Trasladar os acordos do consello escolar á comunidade educativa

Velar polo bo funcionamento do centro.

Destacando:

- Colaborar na creación dun clima de convivencia agradable
- Revisar o mantemento do centro
- Revisar as instalacións e dependencias e solicitar arranxos
- Realizar un control de entradas e saídas

Colaborar coa directiva da ANPA.

Destacando:

- Coordinar celebracións.

- Asesorar coas extraescolares
- Poñer á súa disposición unha estancia para as reunións
- Establecer reunións periódicas

Fomentar a participación de nais/pais na vida do centro.

Destacando:

- Fomentando a asistencia a reunións e enviando comunicacións.
- Invitándolles a participar en actos, dentro e fora do cole
- Estudia-las súas aportacións e favorecer as súas iniciativas.

Desenvolver todas as funcións inherentes aos cargos

Atender, na medida do posible, as suxerencias e suxestións realizadas polos membros da comunidade educativa.

Para favorecer isto, no horario dos membros do equipo directivo existen horas nas que coinciden para poder coordinar as súas funcións.

O horario é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:10-10:05	XEFATURA DE ESTUDOS	XEFATURA DE ESTUDOS		SECRETARÍA	
10:05-11:00	DIRECCIÓN XEFATURA		XEFATURA DE ESTUDOS	XEFATURA DE ESTUDOS	DIRECCIÓN
11:00-11:55	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN
11:55-12:20			DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	
12:20-13:15		DIRECCIÓN	DIRECCIÓN		
13:15-14:10				SECRETARÍA	

Así tamén, se coordinan os tres cargos os martes pola tarde aproximadamente de 16:30 en diante, sempre que non haxa reunións de titoría as que teñan que acudir e, antes das 18:00 h nas que teñen reunións de equipos.

6. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO

No proxecto para a organización da xornada lectiva en sesión única de mañá, quedan establecidos os horarios de entrada e saída das actividades académicas e extraescolares.

Neste curso, ademais de respectar o Calendario escolar publicado e vixente, no noso centro non serán lectivos o día 11 de novembro, xa que é festivo local e, solicitamos como día non lectivo o 2 de maio, tendo consensuada esta data co resto de centros educativos de Moaña.

ORDE 23 xuño 2011 – Regulación da xornada de traballo.

Esta táboa de horarios recolle o horario dos Mestres e mestras:

SESIÓN / DÍAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	9:10- 10:05	9:10- 10:05	9:10- 10:05	9:10- 10:05	9:10- 10:05
2ª SESIÓN	10:05-11:00	10:05-11:00	10:05-11:00	10:05-11:00	10:05-11:00
3ª SESIÓN	11:00-11:55	11:00-11:55	11:00-11:55	11:00-11:55	11:00-11:55
RECREO	11:55-12:20	11:55-12:20	11:55-12:20	11:55-12:20	11:55-12:20
4ª SESIÓN	12:20-13:15	12:20-13:15	12:20-13:15	12:20-13:15	12:20-13:15
5ª SESIÓN DOC.	13:15-14:10	13:15-14:10	13:15-14:10	13:15-14:10	13:15-14:10
GARDAS TRANSPORTE	8:40- 9:10	8:40- 9:10	8:40- 9:10	8:40- 9:10	8:40- 9:10
TARDES		16:00-19:00			
BIBLIOTECA	Gardas cada día menos os martes de 16:00h a 18:00h. Rotativas entre as mestras.				

A xornada escolar é a seguinte, para primaria.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	9:10- 10:05	9:10- 10:05	9:10- 10:05	9:10- 10:05	9:10- 10:05
2ª SESIÓN	10:05-11:00	10:05-11:00	10:05-11:00	10:05-11:00	10:05-11:00
3ª SESIÓN	11:00-11:55	11:00-11:55	11:00-11:55	11:00-11:55	11:00-11:55
RECREO	11:55-12:20	11:55-12:20	11:55-12:20	11:55-12:20	11:55-12:20
4ª SESIÓN	12:20-13:15	12:20-13:15	12:20-13:15	12:20-13:15	12:20-13:15
5ª SESIÓN	13:15-14:10	13:15-14:10	13:15-14:10	13:15-14:10	13:15-14:10

Infantil terá o recreo a outra hora. Sairán ao recreo ás 11:00 e merendarán despois do patio. Terán despois ás 13:15 o segmento de lecer de 20 minutos. Tanto nos recreos como no lecer o alumnado de infantil non compartirá patio, senón que realizarán o recreo en diferentes espazos.

Para facilitar a conciliación e tamén xerar un clima relaxado nas entradas ao centro, o alumnado pode entrar dende as 9:00 e ata as 9:10 para facilitar a entrada. Nas clases se atopará o profesorado de garda de bus que irá vixiando as entradas mentras as mestras se van incorporando á súa clase.

Este Centro aterase ao disposto no calendario elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o presente curso, que se recolle na [Orde de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia](#).

7. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS

Recreo da mañá:

1. O recreo, ou descanso de media mañá, enténdese como un período de obrigado cumprimento no que, tanto alumnos/as como profesores, gozamos duns momentos de lecer para afrontar as últimas sesións.

2. Formando parte do tempo lectivo, as actividades, libres ou regradas, que nel se desenvolvan, deben estar presididas polo respecto mutuo; procurando actitudes de compañeirismo e colaboración.

3. Neste sentido, é labor dos titores/as en particular e de todo o profesorado en xeral, a difusión das normas; propiciando a súa reflexión e aplicación con flexibilidade e eficacia.

4. Os alumnos/as teñen que coñecer os espazos de xogo e os servizos dispoñibles durante o recreo, así como as súas condicións de uso e mantemento. Para tal fin, nas clases debemos recordar periodicamente, e os profesores de vixilancia deben velar por:

- Que os alumnos/as non saian do recinto escolar.
- Evitar ou intervir mediando nos posibles conflitos entre iguais.
- O reparto das zonas de xogo.
- Manter controlado o acceso aos baños.
- A limpeza xeral das instalacións.
- A utilización da biblioteca e corredores interiores.

Actuación dos profesores/as:

A vixilancia debe ser atenta e activa, con control efectivo do alumnado que, obrigatoriamente, debe estar no patio ou baixo a tutela doutro profesor/a.

INCLÚE:

- Saída ao patio de todo o alumnado.
- Marchar da aula logo que saian os/as alumnos/as, indicándolles expresamente que baixen ao patio e acompañándoos ao mesmo.
- Respectar o horario do recreo. Se algún profesor/a permanece na aula cos seus alumnos/as faise responsable da súa atención, que será sempre presencial. De marchar posteriormente ao patio, terá que acompañar ata a saída do edificio aos seus alumnos/as.
- Vixilancia nos patios ata o remate do recreo.
- Atención á problemática que presenten os/as alumnos/as.
- Organización dos espazos de xogo:
 - E. Infantil: por zonas segundo horario.
 - E. Primaria: por zonas, por quendas, segundo horario.

No noso colexio temos dúas zonas de patio. Ata o de agora empregábase unha para os nenos e nenas de primaria, que abrangue toda a parte superior do patio do cole e outra, para as nenas e nenos de infantil que se atopa no patio de abaixo do cole. A raíz da COVID e vendo que ao alumnado de Primaria lle encanta desfrutar da zona de patio de Infantil, mantivemos a idea de ter diferentes horarios para patio en Infantil e Primaria e, deste xeito poder desfrutar destas zonas tanto en Infantil coma en Primaria.

Para a vixilancia do patio e, aínda que por ratio non sería preciso, consideramos que é importante que haxa tres persoas de vixilancia, polas propias características do patio de xogos.

O Horario de quendas de vixilancia de recreo quedaría como sigue:

GARDAS DE RECREO				
	11:00-11:25 Educación Infantil	11:55 - 12:20 Educación Primaria		
	Patio Infantil	Patio infantil	Biblio horta e entrada.	Mesas,pista e ladeira
LUNS	EVI-VANE	BEA	PILI	LIZ
MARTES	EVI-MARTA-VANE	MANU	MARÍA	BEA
MÉRCORES	EVI-MARTA	FINA	MARÍA	VITO
XOVES	VANE -BELÉN	PATRY	IAGO	PAULA
VENRES	MARTA-BELÉN-MANU	FINA	VITO	MANU

COMPORTAMENTO A OBSERVAR, EN CALQUERA CASO:

1. Xogamos para divertirnos, non para gañar ou para ver quen o fai mellor. Se nos enfurruñamos, discutimos ou pelexamos, deixa de ser agradábel e o xogo non ten sentido.
2. O xogo tamén é ideal para facer amigos. Os equipos están formados por grupos de persoas, polo que os individualismos non teñen lugar. Trátase de compartir as estratexias cos compañeiros/as.

Obrigacións dos alumnos/as:

Á terminación do recreo hai que incorporarse puntualmente á aula sen dilatar a circulación polos corredores.

NON SE PODE:

- Enredar nos servizos hixiánicos e, salvo excepción de necesidade, entrar máis dun alumno/a aso servizos.
- Pasar aos corredores interiores. Tampouco se permite a presenza na cociña ou comedor.
- Xogar con violencia nin desenvolver actividades que poidan danar ou molestar aos/ás compañeiros/as.
- Entrar coas "merendas" na biblioteca ou no centro.

8. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Para este ano son varias as iniciativas e proxectos aos que pensamos sumarnos. Algúns deles xa están confirmados, porque xa se levaron a cabo as convocatorias e outras aínda están pendentes de ser aceptadas xa que as resolucións dos plans aínda están por publicarse.

Participaremos, de feito, en:

- PROXECTO VOZ NATURA;

Como cada curso escolar, o noso centro participará nesta iniciativa. Este ano o traballo do equipo de voz natura será seguir traballando no horto escolar e o programa de recollida de residuos que levamos a cabo nas aulas e no noso patio escolar.

Temos tamén entre mans un proxecto comezado o pasado curso, nunha finca cedida ao centro por unha veciña de crear un horto e plantar frutais.

- PFPP;

Seguiremos participando no PFPP do centro: este ano a participación do profesorado é escasa, pero continuaremos traballando na liña de matemáticas manipulativas e tamén por imperativo da Consellaría na implementación do Plan Dixital de Centro.

- DIGITALWEEK;

Despois de solicitar este programa no pasado mes de setembro, concedéronolo para a nosa escola polo que 10 nenos e nenas do noso centro irán unha semana a Bergondo para levar a cabo unha estada de inmersión lingüística en Inglés e traballando contidos dixitais.

- POLOS CREATIVOS;

O pasado mes de xuño solicitamos este programa que consistía na creación dun espazo no centro para dar saída ás necesidades da escola e a sociedade de hoxe. A convocatoria recollía a posibilidade de realizar obras de mellora nos centros e tamén a dotación de material de diferente índole: mesas abatibles, impresoras 3D, máquinas de coser...

O proxecto do noso centro é moi ambicioso e pasaba por crear na planta primeira un espazo maker unindo a aula de plástica e música xunto coa aula de relixión e crear un espazo funcional destinado ao traballo audiovisual e creativo para crear unha especie de laboratorio creativo plantexado tanto para o alumnado como para as familias, a comunidade e a veciñanza do cole en xeral.

Os seguintes plans e proxectos non os temos todavía confirmados, pero xa os solicitamos, aínda que estamos á espera da resolución dos mesmos:

- CONTRATOS PROGRAMA;

Solicitaremos en esencia os que máis partido lle sacamos o curso anterior. Solicitaremos:

CPInclúe:

1. CONVIVET:

Dende este programas queremos este ano facer fincapé na relación coas familias e a comunidade educativa, polo que, dentro desta proposta incluiremos iniciativas enmarcadas neste ano como:

- Mellora do patio do centro para acoller novas propostas e rincóns de xogo que fagan do noso patio un patio máis rico e inclusivo.

Ademais aproveitando o que aprenderemos no PFPP pensamos que repercute en todas as relacións que establezamos, en especial co alumnado.

2. IGUÁLAT:

Dende esta iniciativa traballaremos a igualdade entre homes e mulleres, a través de charlas e obradoiros e tamén facendo un traballo de revisión da linguaxe empregada en comunicacións e documentos. Continuaremos cos obradoiros coeducativos xa que os valoramos como moi positivos e xa son unha dinámica instaurada no centro e tamén poremos en circulación as mochilas da igualdade e crearemos o recanto de costura na biblioteca.

Ademais queremos facer un traballo de investigación co alumnado de diferentes mulleres de Moaña que teñen ou tiveron repercusión de algún xeito na vida do Concello ou incluso na vida do noso centro educativo.

3. INCLÚET:

- Continuidade coa escola de familias do centro.
- Traballo no patio do centro para convertilo nun espazo inclusivo.
- Charlas e actividades con esta temática.
- Posta en marcha do voluntariado para as aulas.

CPInnova:

Dentro desta liña solicitamos dúas modalidades: [EDUinnova](#) e [EDUosustibilidade](#). Na primeira das modalidades o traballo xirará en torno ao replantexamento metodolóxico que comezamos o curso pasado co traballo dos ámbitos de aprendizaxe.

Na segunda delas traballaremos en estreita relación co proxecto Voz Natura e o Proxecto Terra tentando inculcar no noso alumnado comportamentos respectuosos co entorno e que teñan en contas as alternativas enerxéticas renovables e tamén os comportamentos respectuosos co medio como vía para un desenvolvemento social máis sustentable.

Este ano centraremos o traballo desta modalidade na concienciación sobre a importancia dos ODS. Cada quincena traballaremos un dos obxectivos e seleccionaremos accións a levar a cabo e programaremos

actividades, saídas ou charlas que teñan que ver co obxectivo en cuestión. Ademais lanzaremos a proposta para o alumnado e as familias de buscar mostras no noso Concello do cumprimento destes obxectivos e pediremos propostas a facer ao alumnado. A idea inicial é crear unha guía de Moaña que recolla en que medida o noso Concello colabora para o cumprimento destes obxectivos.

CP Plan Recupera:

- PROA +:

Este apartado aparece explicado máis pormenorizadamente no punto 32. Como o ano pasado solicitamos a participación no PLAN RECUPERA, este ano de xeito automático continuamos coa iniciativa. A mediados de setembro rematou o prazo para solicitar a mestra de reforzo en horario lectivo, pero aínda non se publicou a Resolución do mesmo.

Solicitaremos a participación no PROXECTO TERRA, do PROXECTA +
Dentro deste proxecto traballaremos toda a modificación do patio de xogos que temos proxectada para este ano, en directa relación coa mellora da convivencia e tamén co proxecto voz natura. Ademais, este ano, en relación co proxecto da biblioteca que versará sobre a fauna autóctona faremos un traballo de investigación sobre a mesma, baseado nas árbores do noso patio.

Así tamén, dende o cole, sumámonos as iniciativas medioambientais que **propoñen dende a asociación "TEACHERS FOR FUTURE"**, para tentar fomentar uns hábitos saudables e respectuosos co medio no noso alumnado.

Se se publicara algunha convocatoria interesante e enriquecedora para o noso alumnado, trataremos de solicitala, sempre poñéndoo en coñecemento do claustro do centro e coa aprobación se fora o caso e necesario do nono Consello Escolar.

9. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Na PXA do curso 20-21 quedou reflectido que no curso pasado tiñamos q cambiar os libros de 3º e 5º de Educación Primaria, xa que cumpría o prazo de seis anos que marca a Xunta para modificar ou non a listaxe de libros e mercar novos. Despois de falar sobre elo no claustro e no Consello Escolar , acordouse por unanimidade, que no noso centro queremos levar unha liña educativa sen libros. Os mestres poderán ter libros de consulta, axuda para eles, sobre todo pensando no profesorado que chega novo ao centro para que teña un respaldo, pero dito instrumento de aprendizaxe irá pouco a pouco saíndo das nosas aulas, entendido como a base do traballo do alumnado, para dar paso a unha metodoloxía máis activa e participativa por parte do alumnado, baseándose noutro tipo de propostas como o traballo por proxectos, a investigación...

Debido ao COVID-19 tamén se decidiu en claustro e foi aprobado por unanimidade no Consello Escolar a incorporación do noso centro ao proxecto E-dixgal para 5º curso de Educación Primaria. Non é que a liña do centro queira facer unha educación baseada na tecnoloxía únicamente como base das aprendizaxes, senón que o consideramos unha ferramenta máis que ademais as circunstancias nas que nos atopamos inmersos nestes momentos, nos levan a considerar esta posibilidade como beneficiosa, no caso de que voltemos ter un novo confinamento. O pasado curso escolar entrou tamén na rede E-dixgal 6º curso de primaria.

Este ano, despois de reflexionalo e valoralo no Claustro de final de curso do curso pasado decidimos non solicitar libros de texto en ningún nivel. No centro hai libros de texto que poden servir de apoio aos docentes que o precisen e mesmo poden valer para que o alumnado busque información, investigue..., pero non serán a base do traballo.

BOLSAS DE AXUDA E PROGRAMA DE GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO

Este ano, tendo en conta que o noso centro non emprega libros de texto en ningún dos niveis educativos que imparte solamente se entregaron os vales de axuda de material.

O centro foi o encargado de tramitar as axudas para a adquisición de material escolar segundo a Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2022/2023.

10. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

1. XUSTIFICACIÓN

As actividades extraescolares e complementarias teñen unha grande importancia para a formación integral do noso alumnado. Consideramos unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas de xeito eficaz e proporciona un incremento da calidade de vida, igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto é no que, paulatinamente, se vai recoñecendo a contribución destas actividades para a formación plena do noso alumnado.

Así tamén, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e elaboración das mesmas, polo que se traballa na socialización e cooperación. Estas actividades promoven no noso alumnado un sentimento de pertenza ó centro e ó grupo. Danse conta de que traballando todos en equipo conseguimos maiores logros. Cando miran que toda a súa contorna traballa cunha mesma meta, eles séntense parte dun grupo que os valora e ten en conta o que supón un sentimento de autoestima e valoración maior e, isto é o que nos interesa no noso centro: cultivar e fomentar na personalidade dos nosos alumnos un autoconcepto positivo, a conciencia de pertenza a un grupo, **aprender a traballar en equipo, sentirse útil...** Esta serie de actividades ademais dan, ás veces, a posibilidade de destacar a alumnos que normalmente van peor nas actividades máis académicas, coa consecuente mellora da súa autoestima e aceptación.

Ademais, en vilas pequenas como a nosa e zonas rurais como na que se atopa o noso centro, son fundamentais este tipo de actividades, xa que, nalgúns contornos familiares son a única vía dalgúns menos e nenas de acceder ás posibilidades culturais que nos ofrece o entorno. Por iso é tan importante realizar actividades deste tipo, para tentar limitar o máximo ás diferenzas e desigualdades sociais no centro, para lograr a igualdade de oportunidades tan importante nos nosos días.

Consideramos:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: as organizadas dentro do horario lectivo de acordo co proxecto curricular e que teñen carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que empregamos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: as encargadas de potenciar a apertura do centro ao seu entorno e fomentar a educación integral dos alumnos en aspectos referidos á ampliación do horizonte cultural, preparación para a inserción social ou emprego do seu tempo libre. Realízanse fóra do horario lectivo, teñen carácter voluntario e tentan implicar a máis membros da comunidade educativa.

2. ORGANIZACIÓN

Este ano, despois da experiencia de cursos anteriores non hai un equipo de actividades extraescolares, para poder centras os recursos humanos no traballo da biblioteca de centro e só existirá a figura da coordinadora de extraescolares que se ocupará de organizar as saídas e coordinarase en cada momento e para cada actividade e saída coas mestras que a van realizar.

Este ano a coordinadora será Eva Amalia Grobas Fernández.

Para facilitar a coordinación co resto de equipos e co fin de realizar actividades conxuntas, de maneira que todo o claustro se implique e participe por igual, un martes ao mes a coordinadora de AACCEE reunirse co resto de coordinadores dos equipos: a coordinadora de biblioteca, a coordinadora de TICS e o coordinador do equipo de dinamización da lingua galega.

Deste xeito as persoas coordinadoras dos equipos trasladarán a información ao resto dos integrantes dos seus respectivos equipos, co fin de garantir a unidade e colaboración conxunta.

Así tamén, será a coordinadora de actividades a que faga chegar ao claustro todas aquelas ideas de proxectos ou actividades que xurdan e poidan interesar aos demais.

Tentaremos volver ás colaboracións con entidades externas que abandonamos coa COVID e que tan enriquecedoras son para todas nós.

3. CRITERIOS XERAIS

Establecemos os criterios xerais para o deseño e realización destas actividades:

- Que os obxectivos das actividades se integren na concreción curricular da etapa á que se destinan.
- Que estean programadas e informadas ou aprobadas, se é o caso, polo consello escolar. Os titores encargaranse de informar ás familias destas actividades e as familias entregarán autorización asinada para realizar saídas fora do recinto escolar, sempre que sexan fóra do entorno xa que, a principio de curso pedirase unha autorización para realizar as saídas na contorna no centro.
- Tentaremos que estas actividades polas súas propias características sexan moi participativas e nunca excluíntes, tentando sempre favorecer a participación de todo o alumnado do centro.
- Que se promova a participación de toda a comunidade educativa nas actividades que se realicen, implicando non só ao alumnado senón tamén ás familias.
- Que se teña en conta ao resto dos equipos do centro para unha participación equitativa e coordinada.

4. OBXECTIVOS

As actividades complementarias e extraescolares tentan traballar as competencias básicas, pero dun xeito distinto ao que se traballan en clase.

Seguiremos en liñas xerais os obxectivos do curso pasado, elaborados a partir dos establecidos en cursos anteriores, e intentaremos aportar ideas e actividades novedosas para o alumnado.

Podemos citar uns obxectivos xerais que as actividades deste equipo tentan lograr, así:

- Promover a participación activa do alumnado na organización e realización destas actividades, para traballa-la autonomía e responsabilidade na xestión do seu tempo libre.
- Facilitar a realización de actividades que promovan o desenvolvemento integral e a autoestima.
- Estimular o desexo de investigar e saber, creando actividades abertas, motivadoras, diferentes, que traballen as múltiples intelixencias.
- Favorecer a creatividade, a sensibilidade e o pensamento no noso alumnado.
- Crear no alumnado un forte sentimento de pertenza ao grupo e ao centro.
- Mellorar as relacións entre o alumnado fora do entorno escolar.
- Posibilitar a achega ao mundo cultural a todo o alumnado.

- Reforzar os obxectivos académicos traballando doutro xeito, mediante outras estratexias que nos poñen en contacto co medio social e natural.
- Tentar favorecer a dimensión lúdica do ensino, deixando a un lado a base teórica que adoita ir da man do sistema educativo.
- Compensar desigualdades no noso alumnado, dar oportunidades a nenos que nos as poderían ter doutro xeito.
- Converter o centro na base dun traballo en equipo de tódolos membros da comunidade educativa para favorecer o desenvolvemento integral do noso alumnado.

5. PROXECTO COMÚN

A biblioteca do noso centro está integrada no PLAMBE, polo que, traballamos a nivel de centro un proxecto común. Este ano o proxecto, partindo dos intereses do alumnado que foi preguntado mediante una enquisa a finais de curso, será sobre a flora autóctona.

Dende o equipo de actividades procurarase participar neste proxecto colaborando na decoración da escola, apoiando as actividades de biblioteca, colaborando con todo tipo de actividades.

6. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

Todo o centro participará en festividades que se celebran con actividades que organizan os equipos de dinamización da lingua galega, biblioteca e actividades complementarias e extraescolares. Estas actividades complementarias son:

- Benvida
- Samaín
- Magosto
- Nadal
- Entroido
- Os maios
- Fin de curso

Ademais disto tamén se conmemorarán as datas sinaladas na orde do calendario escolar 2022-2023:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Dende o AACCEE farase gran fincapé naquelas conmemoracións que traballen valores e elementos transversais que consideramos importantes traballar de maneira conxunta por todo o centro educativo, tales como o Día Mundial contra a Violencia de Xénero, o Día da Discapacidade ou o Día Mundial Internacional da Muller.

Ademais disto recolleemos como actividades extraescolares e complementarias todas aquelas que o centro leva a cabo tanto no seu conxunto como por ciclos ou niveis. Recolleemos aquí as seguintes:

- Para todo o centro:

Saídas á contorna.

Saídas e actividades promovidas e xestionadas polo concello. Este ano participaremos no programa APRENDE MOAÑA, se é que se fai. Chegado o momento haberá que valorar as circunstancias concretas de cada saída e actividade para valorar a súa realización. Ademais, participaremos en todas aquelas outras que o Concello promova e sexan de interese para o noso alumnado.

Saídas e actividades programadas por outras asociacións que sexan relevantes.

Calquera saída que resulte interesante para o traballo do noso proxecto de centro ou para o traballo de aula.

Faremos tamén saídas a teatros, exposición, museos...que teñan importancia e as titoras consideren relevantes para a aprendizaxe do alumnado.

Tamén recibiremos visitas para levar a cabo charlas e obradoiros que sexan de interese para o proxecto de centro e a formación do alumnado. Así como actuación de grupos de teatro ou música se se dera o caso.

Tamén faremos saídas que teñan que ver e sirvan para traballar dentro do programa EDU-SOSTIBILIDADE os ODS.

- Para o alumnado de sexto curso:

Tendo en conta que este ano os alumnos e alumnas abandonan o centro, deberían realizar a finais de curso una saída. Todavía non temos decidido a onde iremos, pero a opción máis probable é Cantabria. A nosa idea inicial sería compartir excursión co alumnado dos centros de Tirán e Seara xa que será con eles e elas con que o noso alumnado de sexto vai coincidir no IES Paralaia, instituto ao que estamos todos adscritos.

Realizaremos as saídas para as actividades que dende o IES adscrito e programe para o noso alumnado de sexto en pro de xerar lazos de unión entre o centro e o IES de referencia.

- En canto á excursión de fin de curso de todo o centro, non temos decidido todavía o sitio exacto, aspecto que se comunicará ao Consello Escolar no seu momento, pero sí que entendemos que será unha saída de día completo á que acudirá ou será ofertada para todo o alumnado de centro e levarase a cabo previsiblemente na última semana de cole.

11. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

LEXISLACIÓN

A norma básica pola que se rexe a Autoprotección (BOE nº 72 de 24/3/2007) no Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo establece as condicións de autoprotección para centros, establecementos e dependencias adicadas a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

No seu artigo cuarto establece as condicións para elaborar os Plans de autoprotección:

Artigo 4º. Elaboración dos plans de Autoprotección.

1) A elaboración dos Plans de Autoprotección previstos na Norma Básica de Autoprotección suxeitaranse ás seguintes condicións.

a) A súa elaboración, implantación, mantemento e revisión é responsabilidade do titular da actividade.

b) O plan de Autoprotección deberá ser elaborado por un técnico competente capacitado para dictaminar sobre aqueles aspectos relacionados coa autoprotección fronte aos riscos aos que se suxeita a actividade.

Ninguén neste centro é técnico capacitado para a elaboración dun plan de autoprotección e polo tanto demandamos da administración educativa que poña os recursos económicos e humanos necesarios para que esta demanda de anos se cumpla, toda vez que, entendemos que o noso centro polas súas características propias como o número de alumnos e a súa situación non estaría na obriga de elaborar este documento; pero sí o PLAN DE EVACUACIÓN.

O curso pasado o equipo directivo levou a claustro e Consello Escolar o PLAN DE EVACUACIÓN que foi redactado e resultou aprobado. Este curso está previsto realizar un simulacro no primeiro trimestre para testar como funciona todo.

12. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

No noso centro só contamos con 3 persoas que se englobarían neste colectivo e son a coidadora que atende a alumnado do centro e as persoas encargadas do servizo de limpeza.

Auxiliar Técnico Educativo (ATE- Coidadora): Persoal dependente da Consellería de Educación. Adícanse á atención do alumnado con NEAE, asociado á discapacidade, escolarizado no centro. O seu labor consiste en colaborar cos titores e especialistas (baixo a supervisión do Departamento de Orientación) nos programas de ensinanza-aprendizaxe na súa aula de referencia; nas tarefas educativas, non docentes, para o desenvolvemento da súa autonomía persoal e social, tanto no horario lectivo como no comedor escolar. Acompañan a estes alumnos nos desprazamentos e colaboran na atención e vixilancia nos recreos.

Na actualidade contamos con 1 coidadora con destino no centro. Nas súas funcións está a atención ao alumnado con necesidades de atención educativa asociada a discapacidade no tempo de comedor, se o alumnado que ten asignado fai uso deste servizo. As funcións neste tempo de comedor serán designadas, ao principio de cada curso académico pola Xefatura do Departamento de Orientación.

O horario da coidadora é igual ao do alumnado.

Queremos salientar a grande axuda que presta esta persoa ao centro, sempre traballadora e disposta a botar unha man e axudar no que está ao seu alcance. O trato con esta coidadora é moi cercano e mantemos con ela reunión habitualmente para coñecer a marcha e desenvolvemento destes nenos dende o seu punto de vista; así como tamén para saber as necesidades e propostas que ten para facernos.

Ademais da coidadora no noso centro temos dúas limpadoras que veñen ao centro en horario de tarde. Unha delas todos os días de 14:30 a 21:30 e outra vén ao noso centro solo 5 horas. Dende aquí queremos recoñecer o labor de todas/os eles e a súa colaboración co profesorado. Reunímonos informalmente con elas para coñecer as súas preocupacións, queixas, propostas e suxerencias.

13. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ao público será nas horas de dirección, xefatura e secretaría e tamén nos mediodías de 14:10 a 16:00 por parte da dirección.

Polas tardes, os martes tamén estaremos dispoñibles para atender a calquera persoa que precise falar con nós.

En canto ás persoas titoras e resto de mestras estarán dispoñibles para poder falar con elas os martes en horario de 17:00h a 18:00h.

Ben é certo que existe a posibilidade de concertar outras horas para poder atender ás persoas que o precisen, sempre que as mestras e estas persoas poidan e atopen a maneira.

14. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

O colexio debe ser considerado como un centro aberto que establece determinadas relacións de reciprocidade co medio no que está situado.

É especialmente importante, para o bo funcionamento do centro, mostrar o **establecemento de relacións de cooperación e coordinación coa ANPA "A Muralla"** do noso colexio.

Durante o curso escolar 2022-2023 o centro ten establecido como horario de visita dos pais e nais ó profesorado as tardes dos martes en horario de 17 a 18 horas . Isto non impide que previo acordo as entrevistas se poidan celebrar con carácter puntual, ou pola súa urxencia, en calquera outro momento en que sexa acordado por familias e profesorado.

O profesorado porase ademais en contacto, telefónico ou escrito coas nais e pais para informarlles de todos aqueles aspectos da marcha dos seus fillos que consideren de relevancia, para o que se insistirá na actualización dos datos de contacto.

Especialmente importante é a comunicación ás familias por parte do profesorado, e sempre con coñecemento do equipo directivo, de todo aquel suceso ou accidente acaecido no horario escolar.

No inicio do curso realizouse unha reunión xeral para todas as familias do centro para que coñeceran as mestras e mestres novos e para poner no seu coñecemento todos aqueles aspectos relacionados coa organización e funcionamento e tamén do novo funcionamento da metodoloxía por ámbitos de aprendizaxe e repartiúselles una infografía con información relevante para eles. Estas reunións foron por aula. Dende as titorías fixéronselle chegar as autorizacións para a toma e publicación de imaxes no entorno educativo, para as saídas do alumnado, para a entrega do alumnado ás familias e outras necesarias para coordinar a acción familia- escola. Ademais enviaranse as circulares e orientacións escritas que profesorado ou equipo directivo consideren de interese, aínda que primará a comunicación por ABALAR e tamén por correo electrónico e mediante a páxina web. Consideramos especialmente importante destacar a figura do titor/a como primeiro interlocutor das familias coa escola.

As familias, no seu conxunto, constitúen un elemento básico da comunidade educativa. A súa corresponsabilidade no cumprimento dos obxectivos e das normas de convivencia e comportamento cívico son clave para unha relación harmoniosa. As discrepancias ou desacordos deberán ser encauzados a través dos órganos correspondentes polo que consideramos fundamental revisar e actualizar o Plan de Convivencia e as NOF, tanto en desavenencias de carácter individual ou colectivo, cousa que se levou a cabo o curso pasado, sendo aprobado en Consello Escolar. Colgarase este ano na web do centro para o coñecemento da nosa Comunidade Educativa.

As informacións remitiranse tanto en formato papel como a través da aplicación gratuita *AbalarMóbil*, que xa é o habitual no centro, así como na web do centro.

- Accións levadas a cabo nas titorías.
Dende as titorías levaranse a cabo reunións xerais de información ás familias no mes de setembro. Á data de envío desta programación xeral xa se fixeron todas as reunións de aula.
No horario do cole están previstas as reunións de titoría coas familias que as mestras e mestres organizan segundo necesitan, mantendo entre eles un intercambio de comunicación directo e cercano.
- Escolas de nais e pais.
Fai xa tres anos naceu con moita ilusión a nosa escola de familias. O certo é que as xuntanzas que se organizaron funcionaron moi ben e foron moi productivas. As familias participaban delas e estíbese creando unha dinámica moi positiva no cole, de formación e intercambio. A nosa idea de escola de familias, como espazo para a formación e reflexión conxunta foi realmente positiva, pero a raíz das limitacións e cambios propiciados pola COVID as familias deixaron de participar, xa que tiñan ás veces problemas de conexión, a virtualidade dificulta as relacións e comunicacións, as videoconferencias cortábanse...polo tanto, os recursos empregados malgastáronse en certa medida. O curso pasado retomamos a presencialidade, pero non conseguimos que acudiran tantas familias como nos gustaría. Sen dúbida esta é unha das metas para nós este ano, polo que nos dous primeiros meses de curso tentaremos sondear as familias sobre os temas de interese para elas para poder pofertar a formación que eles precisan e que sexa atractiva para poder volver a realizar as charlas con un aforo axeitado para poder sacar a máxima rendabilidade a estes recursos.
- Plans de acollida.

Este ano preparouse un caderno para as mestras onde figuraban os aspectos máis importantes do centro e tamén dos documentos. Para as familias tamén se preparou un pequeno documento informativo, pero queizáis deberíamos seguir mellorando este aspecto, para que tanto mestras, como alumnado, como familias, se sentiran ben recibidos e informados dende o primeiro día no centro.

Actividade/programa: escola de familias						
Tipo	Curso	Grupo Trabajo	Seminario	Xornada	X Ponencia	X Taller
Horas	Temporalización					
	1º T X	2º T X			3º T X	
Responsables	Directora.					
Participantes	Familias					

15. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

A dirección do Centro realizará un seguimento puntual deste servizo a fin de que se realice satisfactoriamente o transporte e vixilancia do alumnado transportado deste centro.

Número de alumnos/as transportados

Ao centro acuden vinteito alumnos/as transportados, aínda que non todos fan os dous servizos (entrada e saída).

Paradas

A ruta conta coas seguintes paradas:

REDONDO
 PONTELLA
 PARADELA
 PARADELA DE ARRIBA
 BROULLÓN
 A MARRÚA
 SABACEDA (transformador)
 AMEIXOADA II

AMEIXOADA I

CASAL

Horario

Chegada ao centro - Aproximadamente ás 08:45.

Saída do centro – Aproximadamente ás 14:15.

Empresa que realiza o transporte

A empresa que se ocupa de dito transporte é Autocares Eugenio Bermúdez e Hijos, S.I. que ten a súa sede en Moaña.

Ruta	Nº de alumnos transportados	Itinerario/Paradas
1. Ruta 1 (nº contrato 99PO0235)	28 alumnos/as	<ul style="list-style-type: none">• REDONDO• PONTELLA• PARADELA• PARADELA DE ARRIBA• BROULLÓN• A MARRÚA• SABACEDA (transformador)• AMEIXOADA II• AMEIXOADA I• CASAL

O curso pasado incorporamos como medida para xestionar o emprego do bus escolar unha lista semanal onde aparece o alumnado que fai uso deste servizo os distintos días e nos diferentes momentos (entrada/saída). Cada mañá, unha mestra/e de garda de bus encárgase de anotar que alumnado viu e cal no do alumnado do transporte. E facemos o mesmo á saída. Deste xeito quedará constancia ao longo de todo o curso escolar que alumnado falta pola mañá porque non ven en autobús e teremos o rexistro no centro, por se houbera que chamar ás

familias, se non somos avisados se un neno/a falta por enfermidade ou outro motivo e non ven no autobús.

16. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

1.-XUSTIFICACIÓN:

As actuais circunstancias sociais e laborais das familias do noso centro fan imprescindible manter en funcionamento un comedor para os alumnos/as. Un comedor que se integre na vida escolar non soamente coma un servizo, senón tamén coma un importante elemento educativo.

O comedor escolar do CEIP Abelendo empezou a funcionar o día 12 de febreiro de 2.007, pola modalidade de **cátering xestionado pola ANPA "A Muralla"**. No presente curso escolar 2022-2023 está dentro do grupo de comedores escolares con servizo de cátering e xestionados de xeito indirecto pola Consellería de Educación.

Dende a dirección do CEIP Abelendo queremos acadar ,entre outros, os seguintes obxectivos:

- Supervisar que os alumnos/as usuarios do servizo de comedor teñan unha dieta equilibrada e sana.
- Potenciar a autonomía e capacidade de relación do alumnado.
- Afianzar hábitos de hixiene persoal antes, durante e despois das comidas.
- Coñecer as características e propiedades dos alimentos que constitúen a nosa dieta diaria.
- Aprender a saber estar nunha mesa e a colocar e empregar adecuadamente os diferentes utensilios.
- Desenvolver hábitos de colaboración nas tarefas diarias do comedor.

2. MENÚS

A empresa encargada do cátering entregará no colexio os menús que vai servir cada mes, confeccionados de xeito equilibrado. Enviaremos unha copia de cada menú mensual ás familias para que teñan coñecemento da alimentación dos seus fillos-as no comedor escolar. Estes menús fan suxerencias de tipos de alimentos para complementala na casa na merenda e na cea.

3. INSTALACIÓNS

O comedor escolar está ubicado nun local da planta baixa do CEIP Abelendo con acceso exclusivo dende o patio, fronte á cancela principal de entrada ó mesmo. Foi dotado dos elementos esixidos pola Delegación Provincial de Sanidade.

Despois da obra feita o pasado verán, o comedor conta coa zona de cociña integrada o que facilita a atención e vixilancia do comedor.

4. POSIBLES USUARIOS E CUSTOS

Poderán ser usuarios do comedor escolar do CEIP Abelendo todos os alumnos e alumnas do centro que pasen o proceso de selección especificado na instrución 5/2017 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Instrución 3/2022, da secretaría xeral técnica da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2022-2023. Neste curso 22-23 temos autorizadas, só por este curso e despois da solicitude, porque precisabamos máis prazas das 39 autorizadas, 44 prazas de luns a venres. Estas prazas son provisionais para este ano e haberá que ver que número de prazas nos conceden para o vindeiro curso escolar.

Na data de aprobación desta PXA os usuarios de comedor son os seguintes:

LUNS.....	40
MARTES.....	41
MÉRCORES.....	41
XOVES.....	44
VENRES.....	40

A contía dos prezos que corresponde aboar a cada familia por menú e día tamén vén establecida na Instrución 3/2022, da secretaría xeral técnica da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2022-2023.

5. HORARIO

A organización do comedor responsabilizarase do alumnado entre as 14:05 horas que recollerán ao primeiro grupo formado por alumnos/as de Ed. Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria e as 16 horas.

6. ORGANIZACIÓN DO TEMPO DE COMEDOR

Ás 14:05 horas as persoas contratadas pola empresa do cátering recollerán nas aulas aos alumnos/as de Ed. Infantil e Primeiro Ciclo. Despois incorpóranse os grupos de primaria a medida que teñen a súa hora de saída.

Despois de ir ó baño, de lavarse as mans e de asearse irán para o comedor en orden coas coidadoras.

Rematado o tempo de comer, e sempre baixo a vixilancia das persoas encargadas, os nenos e nenas poderán estar xogando en actividades controladas no comedor ou na biblioteca. Tamén, sempre que o tempo acompañe e as coidadoras do comedor sexan 3 e non dúas, o alumnado pode desfrutar de xogos no exterior no tempo entre que rematan de comer e veñen as súas familias a buscalos, ou quedan na biblioteca do centro agardando a que comecen as actividades extraescolares organizadas pola ANPA do centro.

As familias poderán pasar recoller ós nenos e nenas normalmente non antes das 15 horas xa que a esta hora aínda están comendo, nin despois das 16:00h hora á que xa rematou o comedor, salvo razón xustificada.

Para un mellor funcionamento do servizo de comedor, rogamos ás familias que non entren no comedor para recoller esperen os nenos/as, senón que esperen a que as coidadoras llelos entreguen ó remate da comida.

Para poder falar coas coidadoras do comedor as familias deben esperar ás 16 horas, para non interferir na boa marcha do mesmo.

Este ano, ademais, para recoller ao alumnado de comedor, as familias farano pola porta lateral do mesmo, sen necesidade de entrar ao interior do edificio. Xa as coidadoras de comedor entregan ao alumnado por esa porta, despois de que éste asine nunha folla de entrega .

7. HIXIENE

Prestarase especial atención en crear hábitos de hixiene antes , despois e durante as comidas. Para isto, o alumnado realiza un lavado de mans antes de acudir ao comedor e, despois da comida tamén lavarán as mans e os dentes.

EMPRESA SUBMINISTRADORA DOS ALIMENTOS

A empresa encargada do cátering é Alimentación Saudable Gallega. Esta empresa envía os menús diarios ó CEIP Abelendo en transporte en contenedor isotérmico especial para esta modalidade de cátering. Logo non centro hai unha mesa quente colocado pola empresa e así mantense quente a comida, o tempo antes de que

acudan os alumnos/as ao comedor. Os cubertos, fonte de auga e frigorífico foron postos no centro por esta empresa encargada do cátering.

7. NORMAS BÁSICAS

- Saída da clase ás 14:05 horas o primeiro grupo e ata as 14:10 horas que se incorpora o último grupo.
- Baixo a supervisión das coidadoras, asearse adecuadamente para entrar no comedor nos baños da planta baixa, o alumnado de infantil e primaria, xa que o alumnado de 3º a 6º baixa coas mans lavadas da súa clase, xa que empregan os aseos que lles corresponden.
- Seguindo as instrucións da coidadora, dirixiranse en orde hacia o comedor.
- Comportarse no comedor de xeito adecuado (falando baixo, permanecendo sentados, non falando coa boca chea, limpando a boca e tragando a comida **antes de beber...**) e utilizando correctamente os diferentes utensilios segundo o tipo de menú.
- As coidadoras servirán a comida empezando polos nenos/as máis pequenos.
- Os nenos e nenas que precisen algo levantarán a man para pedilo e non abandonaran a súa cadeira se non é imprescindible e despois de pedir permiso para facelo.
- Cando un neno/a remata de comer permanece sentado/a até que rematen todos/as.
- Despois de comer as coidadoras poden realizar cos nenos e nenas actividades e xogos axeitados para un tempo de esparcemento repousado na aula do comedor. As coidadoras tamén pode estar cos nenos e nenas vendo algunha película ou documental axeitado para todos.

Proxecto Plan Madruga.

A Federación de ANPAS "Arco da Vella" de Moaña, en colaboración co Concello de Moaña, puxo en marcha no curso 2015-2016 no CEIP Abelendo e máis en todos os Centros Educativos de Infantil e Primaria de Moaña o "Plan Madruga". Este curso 2022-2023 seguirá funcionando este plan e nas mesmas condicións en todos os Centros Educativos de Infantil e Primaria de Moaña, atendendo ás indicacións sanitarias para o que elaboraron un protocolo de actuación propio.

Este servizo, que xa esta en marcha en período lectivo de setembro a xuño, terá un horario de 07:30 a 09:10 para os alumnos/as de Educación Infantil e Primaria matriculados neste centro. Aínda que existe a posibilidade de comezar ás 7:00h cun

pequeno sobrecusto. No noso centro a partir deste mes de setembro, o comedor funciona a partir das 7 horas.

As instalacións que poderán ser empregadas para a realización do "Plan Madruga" será preferiblemente o comedor ou outra aula próxima a esta, segundo as necesidades de espazo que teña o centro ao longo do curso, sendo a Federación de Anpas de Moaña "Arco da Vella" responsable de todas as actuacións derivadas do desenvolvemento do dito Plan.

Desde o centro escolar e para a realización desta actividade, prérgase a Federación de ANPAS de Moaña "Arco da Vella" que cumpra as seguintes condicións:

- Deberá cumprirse o horario solicitado.
- **As instalacións que poderán ser empregadas para a realización do "Plan Madruga" será preferiblemente o comedor ou, por necesidades de espazo do centro ao longo do curso, outra aula próxima a esta e designada pola dirección do centro.**
- Non se poderá acceder a ningunha outra instalación do centro que non sexa a autorizada. Salvo os aseos da planta baixa.
- Deberá responsabilizarse expresamente dos posibles danos en instalacións e material ocasionados pola realización do plan.
- Os locais e espazos empregados deberán quedar en condicións de orde e limpeza.
- Non debe alterarse o normal desenvolvemento das actividades docentes.
- **A Federación de ANPAS de Moaña "Arco da Vella" será responsable de todas as actuacións derivadas do desenvolvemento do "Plan Madruga" e recaerá sobre ela a responsabilidade civil que puidera derivar da realización deste plan.**

17. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As cesións ocasionais, sempre que non alteren o normal funcionamento do centro, poderá concedelas a dirección educativa.

Calquera outro tipo de cesión das instalacións seguirá a tramitación legal que se contempla na Orde do 22 de xullo de 1.997, no seu capítulo 3, punto 9, resumido no protocolo que estableceu a Xefatura territorial no curso escolar 2015/2016.

PRIORIDADES

1. As actividades organizadas polo profesorado do centro para o alumnado ou familias deste colexio.
2. As actividades organizadas pola ANPA do centro para o alumnado ou familias do colexio.
3. As actividades de formación do profesorado ou cursos para as familias.
4. Outras actividades de calquera organizador destinada a membros da comunidade educativa.
5. Outras actividades organizadas por entidades do barrio (sempre que se xustifique o seu carácter educativo, deportivo ou cultural)
6. Actividades doutros organizadores (sempre que se xustifique o seu carácter educativo, deportivo ou cultural) e tras a súa solicitude formal, segundo o Regulamento de Centro.

NORMAS DE USO

1. Han de ser aprobadas polo Consello Escolar (ou excepcionalmente pola dirección do centro) mediante solicitude por escrito ou correo electrónico.
2. Os espazos, horarios e participantes serán os relacionados na solicitude. Cando nas actividades participen menores que non sexan alumnos do centro deberá comunicarse previamente e por escrito á Dirección do centro con relación nominal dos mesmos.
3. Cando se realicen competicións deportivas con participantes alleos ao centro, debe comunicarse previamente e por escrito á dirección do centro.
4. Os solicitantes se responsabilizarán da orde e o coidado das instalacións, materiais e mobiliario.
5. O uso das instalacións interiores do edificio principal debe rematar ás 18:00, comprobando o profesorado de garda da Biblioteca o correcto estado das mesmas. Non se facilitarán chaves dos espazos interiores. Esta hora, en casos puntuais, poderase ampliar, pero sempre coa aprobación da dirección do centro e para supostos debidamente xustificados.
6. As instalacións han de quedar recollidas e ordenadas na maneira e orde que estaban anteriormente.
7. De precisarse o uso de chaves (accesos exteriores e ximnasio) darase unha copia das mesmas, comprometéndose os solicitantes a súa devolución e a non facer ou distribuír máis copias das mesmas.
8. Respetaranse os horarios asignados. É imprescindible deixar tempo para a supervisión e posible necesidade de limpeza por parte do persoal asignado á mesma

ou, de rematar máis alá da hora do persoal de limpeza, a entidade ou asociación que solicita o uso do espazo deberá responsabilizarse da limpeza e orden para que a instalación quede en perfecto estado.

9. O uso das instalacións debe respectar (volume, ruído, orde...) o adecuado desenvolvemento doutras actividades programadas.

10. O uso de equipos ou materiais propiedade do centro debe ser solicitado de forma explícita, responsabilizándose do seu correcto uso e estado ao remate da actividade.

11. Os solicitantes deberán sufragar os gastos ocasionados por usos indebidos, posibles deterioros, perdas ou roturas do material, instalacións ou servizos e calquera outro que derive directa ou indirectamente da realización de tales actividades.

12. As actividades deportivas (competicións, xuntanzas, etcétera) e culturais realizadas nas instalacións do centro deberán ser comunicadas por escrito e con antelación previa á Dirección do centro.

13. Cando nunha actividade (pintura, baile, teatro, deportivas...) participen persoas que non formen parte da comunidade educativa, o responsable da organización das mesmas deberá presentar con anterioridade a relación de persoas asistentes co obxecto de enviar a relación á Xefatura Territorial.

- Protocolo para a solicitude.

Aquelas asociacións ou entidades que queiran facer a solicitude cumprirán os seguintes requisitos:

Entregar a solicitude por escrito ou indicando, nome e razón social do solicitante.

No caso de asociacións e entidades alleas, seguro de responsabilidade civil. Indicando día e hora de uso das instalacións.

No caso de actividades e asociacións alleas á comunidade educativa, estas solicitudes serán remitidas despois á xefatura territorial que será a encargada de aprobar o seu uso e de remitir resposta ao centro que o transmitirá á entidade en cuestión.

- Entidades que as usan.

Este ano non hai previsión de que se dean cesións deste tipo, xa que ningunha asociación o solicitou, pero chegado o caso actuarase segundo o prevista nas liñas máis arriba.

Solamente a ANPA do centro para levar a cabo as actividades extraescolares que propoñen para este curso escolar.

Consideración aparte terán as solicitudes feitas pola ANPA do centro.

18. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

O colexio, e na súa representación, o equipo directivo, facilitaralle á Asociación de Nais e Pais todos os medios e a colaboración oportuna para que poida desenvolver as súas actividades e acadar os seus fins.

En todo momento, buscaremos o diálogo fluído e o fortalecemento dos canles de relación que, basicamente, establécense no eido dos apoios ao desenvolvemento das actividades extraescolares e á subministración de recursos.

No campo educativo, as familias xogan un papel importante:

- Na organización das actividades extraescolares.
- Na preparación conxunta de actividades educativas complementarias; facilitando ou xestionando o acceso a fábricas, granxas, etc. e, incluso, acompañando ao profesorado.
- Na contribución ás viaxes ou excursións.
- Na toma de postura ante problemas disciplinares.

No referente á axuda material, a asociación colabora:

- Nas obras de mantemento e aderezo.
- Con contribucións monetarias, para enfrontar pequenas infraestruturas básicas para o funcionamento da entidade.
- Difundindo as mensaxes ou iniciativas do centro entre as familias.

De xeito estable e organizado, o colexio está contando cos pais e nais:

- No mantemento das instalacións do recinto escolar.

A directora asistirá, a non ser por causa xustificada, ás reunións da Directiva da ANPA as que sexa invitado, podendo ser acompañado, segundo as circunstancias, por calquera outro profesor ou profesora do claustro.

Nestas relacións de colaboración e axuda mutua á consecución dos fins establecidos, o equipo directivo e os diferentes Equipos Docentes do Colexio, facilitarán á ANPA os datos que en cada momento poida necesitar para configurar as propostas que estime oportunas. Cumprindo sempre coa normativa sobre a protección de datos.

Este ano, a asociación de nais e pais de alumnado propuxo ás familias un calendario amplo de actividades extraescolares a levar a cabo, aínda que, tras as solicitudes feitas polas familias e os números mínimos necesarios para levar a cabo cada unha destas actividades, as actividades que saíron definitivamente foron as seguintes e no seguinte horario:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 16h a 17h		BALONMÁN		ZUMBA	COCIÑA
De 17h a 18h		XADREZ	MULTIDEPORTE (só para alumnado de Infantil)		

Como o ano pasado, queremos levar a cabo un proxecto de revitalización dos espazos exteriores: zonas de xogo e espazos axardinados para o que, como xa falamos na primeira reunión coa directiva da ANPA, queremos contar coa axuda e apoio da asociación de nais e pais do centro.

Tamén se prevé a realización de algunhas actividades ou charlas para familias que, de igual xeito que en todas as demais, faranse sempre cumprindo todas as medidas sanitarias pertinentes.

19. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Este curso escolar que parece recuperamos a normalidade a lo menos en parte, volvemos a recuperar as materias de libre configuración para cuarto e sexto, diferentes ao reforzo das instrumentais.

No curso de sexto o alumnado volverá a ter a asignatura de Francés. Como xa no momento de escollela xustificamos, o feito de que no instituto vaian a ter Francés

nos parece un motivo que xustifica a súa introducción en sexto. Deste modo, o alumnado realiza un achegamento a esta segunda lingua que facilitará, sen dúbida algunha toda a súa aprendizaxe posterior no instituto.

A persoa que impartirá esa materia xa que é mestre de Francés será Iago Hervella Pérez.

Por outra banda, en cuarto, tendo en conta as circunstancias do grupo: é un grupo mixto no que conviven dúas normativas consideramos que sería positivo modificar esta materia. Pensamos que para facilitar a homoxeneización de horarios sería positivo para o ritmo da aula impartir un reforzo de Ciencias naturais e así unificar as horas desta materia para os dous grupos. Isto, sen dúbida, facilitará o labor da mestra titora, pero tamén será positivo para o alumnado que convive na aula.

20. PLAN ANUAL DE LECTURA

1. Obxectivos. Fundamentación

Este documento ten por finalidade concretar as accións encamiñadas a mellorar a competencia en comunicación lingüística (CCL) do alumnado do noso centro durante o curso 2022-2023.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

Por todo isto, seguindo a pedagogía actual do noso centro, gustaríanos que este **PAL non se quedase só na comprensión tradicional de "lectura", senón que axudase ao alumnado a manexarse mellor nos contextos sociais, a mellorar as súas**

habilidades lingüísticas, a facer un uso significativo da escrita (e non “escribir por escribir”), a aprender a sintetizar a busca de información...

Polo tanto, para este curso escolar teremos en conta os seguintes obxectivos:

- Mellorar a competencia lectora do alumnado intentando:
 - o Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
 - o Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
 - o Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
 - o Mellorar, a través da lectura, o vocabulario, ortografía e expresión oral e escrita do alumnado.
 - o Incorporar as novas tecnoloxías da información e comunicación de maneira que aprendan a utilizalas e a analizar a información que se obtén delas de maneira crítica.
 - o Facilitar unha mellora no coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensinanza máis axeitadas para levalas á práctica.
 - o Potenciar un novo estilo docente ofrecendo recursos alternativos ao libro de texto, ampliando as vías de acceso á información e ó coñecemento.
 - o Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
 - o Fomentar o hábito de lectura diaria e a afección á lectura como un ben cultural en si mesmo e en tempo de ocio.
- Promover o gusto e o hábito pola lectura intentando:
 - o Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
 - o Descubrir a lectura e valorar os textos literarios como un elemento de goce persoal.
 - o Descubrir a lectura como unha actividade lúdica.
 - o Favorecer que as familias se convertan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos seus fillos/as nos tempos de ocio.
- Dinamizar o uso da biblioteca do centro intentando:

- o Organizar a biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.
- o Promover o uso cotiá da biblioteca, de forma que adquiran ferramentas para manexarse de maneira eficaz nela, e que comprendan a súa importancia para a aprendizaxe (aprender a aprender).
- o Realizar actividades atraentes para alumnado de diferentes idades.
- o Realizar actividades de animación á lectura.
- o Incluír a biblioteca, o seu espazo e os seus recursos no desenvolvemento dos ámbitos.

2. Organización de espazos e tempos para a lectura

Organización espacial

A biblioteca do noso centro está situada na primeira planta e conta con diferentes zonas onde levar a cabo diferentes actividades:

- Zona de lectura: con sofás que invitan ao descanso, contos de diferentes idades, mesas...
- Zona de ordenadores: con 3 ordenadores destinados á investigación e xogos educativos.
- Zona de creatividade: con mesas de luz para potenciar a estimulación sensorial. Durante o presente curso escolar, dotaremos a esta zona de material e recursos para actividades relacionadas con outros aspectos relacionados coa creación e creatividade.
- Zona de xogos: con xogos individuais e grupais.
- Zona de consulta: con enciclopedias, libros de consulta, mesas e cadeiras para investigar...
- Zona de audiovisuais e radio: zona anexa a biblioteca.

- Zona de biblioteca exterior: nunha zona do noso patio habilitouse e ambientouse unha zona para poder ler tranquilamente fóra e nos momentos de lecer.

As aulas tamén son espazos onde se promove a lectura, contando ademais cada aula cunha biblioteca propia e que se detalla no apartado 4.

Organización temporal

Durante o curso 2022-2023, a organización horaria da biblioteca escolar será a seguinte:



	HORARIO BIBLIOTECA				
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:10-10:05	4 ANOS	3 ANOS	ÁMBITO	5 ANOS	5 ANOS
10:05-11:00	4 ANOS	3 ANOS	ÁMBITO	<u>2º EP</u>	<u>3º EP</u>
11:00- 11:55 (RECREO+MERENDA INFANTIL)			<u>1º EP</u>	<u>6º EP</u>	<u>4º-5º EP</u>
11:55-12:20	RECREO				
12:20- 13:15	ÁMBITO	ÁMBITO	ÁMBITO	ÁMBITO	ÁMBITO
13:15- 14:05	ÁMBITO	ÁMBITO	ÁMBITO	ÁMBITO	ÁMBITO

A maiores realízase a hora de ler diariamente, dedicándolle un momento na xornada escolar á lectura.

3. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro

O equipo de biblioteca terá as seguintes liñas de actuación para este curso escolar:

- En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes».
- Na escola cremos que a biblioteca ten que ser un lugar no que se invite a investigar, a crear, a experimentar, a imaxinar... Por iso, durante este curso seguiremos a mellorar o espazo de creación da biblioteca. Ademais, dotaremos dun maior aproveitamento ao espazo creado para a radio e creación audiovisual.

- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
O Proxecto Documental Integrado seguirá sendo o eixe que move a nosa biblioteca de centro, a través dos cales realizaremos actividades que contribúan a desenvolver os contidos establecidos polos currículos. Grazas ao traballo por proxectos e as investigacións que realiza o alumnado en torno á temática elixida cada ano, potenciaremos de xeito activo as competencias básicas e a alfabetización múltiple, onde nenos e nenas aprenden facendo a través de numerosos e diversos materiais. O presente curso escolar o PDI **“As raíces que nos unen”** dedicarémolo a coñecer a flora da nosa contorna, para axudar a respectala, coidala e revalorizala entre toda a comunidade educativa.
- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital).
Realizamos actividades de formación de usuarios deseñadas e conducidas dende a biblioteca para coñecer os seus espazos, a clasificación dos fondos, a interiorización e aplicación das normas de funcionamento, a familiarización dos nenos e nenas e mestras coa nova plataforma Koha, para que poidan coñecer o estado dos nosos fondos, facer pesquisas, a capacitación do alumnado no uso autónomo da biblioteca...
Seguiremos mandando recomendacións e empregando os expositores de novidades e recomendacións que temos na biblioteca escolar.
- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).
Algunhas actividades que seguiremos a realizar para fomentar a lectura son as seguintes
 - A hora de ler. práctica incorporada á vida do centro dende o curso 2007/08.
 - Contacontos: actividade realizada por todos os ciclos na biblioteca, durante todo o ano.
 - Hora de biblioteca: cada titoría disporá ademais de 1 hora de uso exclusivo, para préstamos individuais, de aula e facer actividades e propostas que sexan deseñadas. Tamén en horario de tarde e durante o período de lecer poderá acceder o alumnado á biblioteca baixo a supervisión dun mestre.
 - Celebracións: o día internacional das Bibliotecas Escolares constitúe o inicio das actividades da Biblioteca cada ano. Tamén celebramos a Semana

do libro, o Día das Letras Galegas, o Día da muller e a nena na ciencia e o Día Internacional da Muller, etc.

- Exposicións: de novidades e temáticas cos fondos do Plambe e dos traballos realizados nos ámbitos e/ou nas aulas.
 - As mochilas viaxeiras.
 - Guías de lectura: recomendacións de Nadal e verán para as familias.
 - Apadriñamento lector: comezada o hai cinco cursos con gran éxito, pensamos retomala durante o presente curso.
 - Itinerarios lectores: realízanse nas aulas na hora de ler. Practícase a lectura en voz alta, en pequeno e gran grupo, por **parte do profesorado**,... con diferentes tipos de texto. A selección dos títulos de cada ciclo é escollida polas titorías.
 - Expandir a biblioteca ás aulas: tódalas aulas contan cunha pequena biblioteca.
- En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.
Continuamente estamos comprando contos ou libros de temática inclusiva, como contos con braille, con pictogramas, de igualdade de xénero... Ademais a nosa biblioteca está libre de barreiras arquitectónicas. Os diferentes espazos están sinalizados con letras en madeira para que todos os nenos e nenas poidan desenvolverse ben no espazo. Seguiremos dotando á biblioteca de fondos relacionadas con esta temática e seguiremos mellorando a sinalización dos espazos e seccións dentro da biblioteca.
 - Outras actuacións.
Seguiremos potenciando a colaboración das familias para a realización de actividades da biblioteca.
Tamén potenciamos o comercio local coa compra de libros e contos nas librerías da zona.
 - Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.
Todo profesorado que forma parte do Equipo de Apoio á Biblioteca avalía as actividades realizadas na última reunión que se fai ao rematar cada trimestre. O claustro tamén aporta as súas suxestións, de maneira que se anota todo isto para poder recollelo na memoria final.
 - Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar.
Equipo de apoio. Horario previsto.
A persoa responsable da Biblioteca Escolar é Vanesa Fernández Cordeiro, cun total de 4 horas semanais para a coordinación da biblioteca.
En canto ao horario previsto para as reunións do Equipo de Biblioteca, será de unha vez ao mes. O alumnado poderá acceder á biblioteca tódolos días no recreo e terá asignado unhas horas semanais por clase. Haberá unha coordinación de

membros de equipo de biblioteca, aínda que non todods porque foi imposible organizalo no horario, en horario lectivo.

4. Seccións (bibliotecas de aula)

Cada aula de educación infantil e primaria está acondicionada cunha pequena biblioteca de aula. Estes espazos estarán acondicionados de xeito que se invite á lectura, ao descanso e o relax. Contarán tanto con libros de lectura (narrativa, cómic, poesía...), e tamén con libros de consulta, que se irá renovando segundo as necesidades, intereses, etc. das nenas e nenos de cada aula.

5. Rutinas de lectura:

5.1. Actividades na hora de biblioteca ou na hora de ler

Este curso escolar o equipo de biblioteca pretende a biblioteca non só se empregue para o préstamos semanal dos libros, senón que se poida usar para outras actividades que teñan continuidade nas aulas. Así, pretendemos que a biblioteca sexa un espazo vivo, tratando de que este espazo estea ocupado o maior tempo da xornada e da semana, incluíndo os ámbitos como parte fundamental do seu funcionamento. O ámbito socio – lingüístico será levado a cabo no espazo da biblioteca, o tanto o ámbito STEAM como o ámbito artístico poderán nutrirse dos diferentes recursos que temos na biblioteca do centro.

Habitarase unha zona con propostas específicas relacionadas co PDI, coas conmemoracións que se celebran, cos intereses das crianzas, etc., que terá unha periodicidade quincenal ou mensual.

Ademais, as clases de educación primaria dispoñen dun momento diario durante a xornada escolar para dedicarlle á lectura (hora de ler).

5.2. Actividades de lectura compartida

O equipo de biblioteca quere pñer en marcha o club de lectura, polo que propoñerá diferentes actividades para realizar nel, incluídas as lecturas compartidas. Veremos a posibilidade de facer lecturas por parellas, apadriñamentos lectores...

6. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura

Contamos con toda a implicación do claustro de mestras/es, as titoras e titor e o equipo de biblioteca escolar.

- Claustro: proponendo melloras e participando nas diferentes actividades.
- Titoras: realizando actividades na biblioteca e nas aulas.
- Equipo de biblioteca: dinamizando e coordinando as actividades relacionadas coa biblioteca.

7. Itinerarios lectores

O centro conta cos seguintes itinerarios lectores:

- Os megatoxos e a espada esmeralda. Anxo Fariña. Xerais.
- El monstruo goloso. James Preller. Edelvives.
- Como arreglar un libro mojado. Roberto Aliaga. SM.
- No corazón do bosque. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- La hormiga Miga se hunde en la historia. Emili Teixidor I Viladecás. SM.
- Una semana con el ogro de Cornualles. Miguel Ángel Pacheco. Anaya.
- Iria e a lúa. Oli. Xerais.
- Un espía chamado Sara. Bernardo Atxaga. SM.
- As bruxas. Roald Dahl. Xerais.
- Violeta non é violeta. Xose Antonio Neira Cruz. Macmillan.
- A pedra e as formigas. Jacobo Fernández Serrano. Xerais.
- Un tren cargado de misterios. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- Jim Botón y Lucas el maquinista. Michael Ende. Noguer y Caralt.
- Ojo de nube. Ricardo Gómez Gil. SM.
- A Monstroescola ¡que veñen os monstros!. Anxo Fariña. A Nosa Terra.
- Lily y la planta misteriosa. Beascoa.
- Down. An Alfaya. Edebé.

- A lagoa das nenas mudas. Fina Casalderrey. Xerais.
- Mi hermano el genio. Rodrigo Muñoz Avia. Edebé.
- Junie B Jones es una bocazas. Barbara Park. Bruño.
- La selva de los números. Ricardo Gómez Gil. Santillana.
- Unha bruxa na casa. Ulf Stark. SM.
- A expedición do pacífico. Marilar Aleixandre. Xerais.
- Vidia y la corona de la Reina. Laura Driscoll. Beascoa.
- O misterio dos fillos de Lúa. Fina Casalderrey. SM.
- O misterio do cemiterio vello. Fina Casalderrey. SM.
- Rapazas. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- Estes días refresca polas tardes. Xose Cermeño. Galaxia.
- Toribio e o contador de contos. Carlos Casares. Galaxia.

8. Actividades programadas e temporizadas

8.1. Proxecto documental integrado

O PDI deste ano leva por título **“As raíces que nos unen”**, e ten por obxectivo principal coñecer a flora da nosa contorna, para axudar a revalorizala, coidala e protexela. Tanto nos ámbitos como no desenvolvemento cotiá das aulas, e desde a biblioteca, proporanse diversas actividades e poranse a disposición diferentes recursos para poder afondar no coñecemento da contorna natural tan fermosa que temos ao noso arredor.

8.2. Actividades puntuais

A maiores do noso PDI a biblioteca tamén realiza actividades relacionadas con diferentes conmemoracións:

- Día das bibliotecas escolares (24 de outubro).
- Semana da Prensa (7 ao 11 de marzo).

- Semana do libro (18 ao 22 de abril).
- Día da familia (15 de maio).
- Día do Medio Ambiente (5 de xuño)
- Colaboración co Equipo de Dinamización da lingua galega o co Equipo de Actividades complementarias e extraescolares en outras festividades e conmemoracións (Magosto, samaín, nadal, día de Rosalía, entroido, semana das Letras galegas...).
- Calquera outra que considere o equipo de biblioteca: contacontos, teatro, exposicións, clubs de lectura...).

8.3. Recursos e materiais

- Recursos económicos: a biblioteca do centro dispón dunha dotación económica do PLAMBE. Tamén dispón dunha porcentaxe do presuposto xeral do colexio.
- Recursos materiais: a biblioteca conta cunha ampla colección de libros de consulta e de lectura para as diferentes idades. Hai a disposición do **alumnado DVD's con películas e documentais, así como tamén diferentes xogos educativos.**

9. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias

Todas as semanas cada aula poderá facer o préstamo lector, para compartir as lecturas dos seus libros favoritos coas familias.

Ademais, no Nadal ofréceneselles ás familias recomendacións lectoras. A final de curso elaboraremos tamén as nosas recomendacións para o verán.

Buscaremos a colaboración das familias para a realización de actividades na biblioteca escolar (contacontos, obradoiros, charlas, etc.).

Retomaremos a apertura da Biblioteca polas tardes propoñendo tamén algunhas actividades para as familias, non so relacionadas coa lectura, senón coa creatividade e expresividade.

10. Seguimento e avaliación

O PAL será revisado e actualizado anualmente. Ao finalizar o curso, a coordinadora de biblioteca elaborará unha memoria da mesma que será incluída na memoria de final de curso. En dita memoria recollerase o seguimento e a avaliación efectuados sobre o plan, así como tamén as propostas de mellora a incorporar durante o seguinte curso escolar.

Tamén se establecerán reunións mensuais que permitan analizar e facer un seguimento do PAL durante o curso escolar, establecendo os criterios necesarios para aqueles aspectos que se deben mellorar.

Avaliaremos:

- Se o alumnado mellorou nos seus hábitos lectores.
- Se valora a lectura como un tempo de ocio e lecer.

A través de:

- O grao de satisfacción da comunidade educativa coas actividades realizadas, a través de enquisas.
- As reflexións persoais do equipo de biblioteca.

Esta avaliación terá carácter continuo, anotándose os datos tras calquera actividade. Cos datos obtidos asumiranse as modificacións oportunas para as seguintes actividades. Tamén avaliaranse os recursos materiais e persoais.

21. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL

1. Introducción

“Se soubera que o mundo acaba mañá, eu, aínda hoxe, plantaría unha árbore”.
Martin Luther King.

Con esta frase comezamos o noso proxecto anual da biblioteca para este curso escolar, dispostas a facer da biblioteca un espazo creativo de aprendizaxes, onde non só se anime a ler, senón tamén a crear, a investigar e a xogar.

Queremos facer da biblioteca un lugar que fomente o espírito crítico dos nosos nenos e nenas, a través de recursos que permitan ler e investigar para que creen as

súas propias ideas e pensamentos para que, nun futuro, sexan persoas con criterio propio capaces de tomar as súas propias decisións.

Isto intentarémoso conseguir a través do noso proxecto documental integrado para este curso, que leva por título **“As raíces que nos unen”**. Este proxecto ten por fin descubrir e investigar a flora da nosa contorna, para aprender a identificala, coidala, respectala e revalorizala.

Temos a gran sorte de que o nos centro está nun entorno rural, e que nos nosos patios podemos gozar dunha gran variedade de plantas, árbores e arbustos, moitas delas autóctonas. A maiores no centro, contamos cunha zona de horta e invernadoiro, e unha finca anexa que poderemos empregar para afondar nos cultivos propios da nosa zona e de tempada.

Así, a maiores de poder coñecer a flora da nosa contorna, plantexamos tamén este PDI como unha forma de acercamento entre as persoas e as plantas, para coñecer tamén en que medida dependemos delas e canto están presentes na nosa vida. Saber que dependemos delas é un xeito máis de velas máis próximas e aprender a valoralas. Polo que parécenos un bo punto de partido para xerar no noso alumnado una actitude partícipe nas actividades de coidado da nosa natureza, da nosa flora.

O emprego das plantas ten consecuencias medioambientais, culturais e económicas que pretendemos descubrir mediante as actividades e investigacións que se propoñan. Así, plantexamos este PDI como unha ferramenta motivadora para o descubrimento dos valores naturais e culturais da nosa zona e da nosa Comunidade Autónoma, tomando como eixe vertebrados o mundo das plantas e a súa relación pasada e actual coas persoas, coa finalidade de dar a coñecer este rico e variado patrimonio, sensibilizar acerca da súa importancia nas nosas vidas, conciencias sobre a problemática actual da conservación das especies vexetais silvestres e fomentar actitudes positivas de cara á participación escolar na conversación deste patrimonio.

2. Obxectivos

- Relacionados coa biblioteca:
 - o Mellorar a competencia en comunicación lingüística a través das diferentes actividades.
 - o Animar ao alumnado a ler, escribir, conversar e investigar.
 - o Fomentar a animación á lectura a través de contacontos, teatro...

- o Facer da biblioteca un espazo destinado á investigación e á creación.
 - o Potenciar o traballo colaborativo e cooperativo como clave para a investigación.
 - o Facer un uso axeitado das ferramentas tecnolóxicas da biblioteca.
 - o Facer da biblioteca un espazo inclusivo con recursos que promovan o DUA.
 - o Promover a alfabetización múltiple e as competencias ALFIN/AMIL.
 - o Promover metodoloxías activas baseadas no traballo por proxectos e na investigación.
 - o Realizar un proceso de cambio que converta a biblioteca escolar nun espazo creativo de aprendizaxes.
 - o Utilizar o PLAN LÍA como base do que queremos conseguir para a nosa biblioteca e para o noso alumnado.
- Relacionados co proxecto:
- o Promover un achegamento á flora da nosa contorna e Comunidade Autónoma.
 - o Facilitar a comprensión da relación existente entre o desenvolvemento social e cultural do noso e a base da súa riqueza e diversidade de recursos naturais.
 - o Suscitar a concienciación e sensibilización acerca dos problemas ambientais actuais e xerar actitudes solidarias, comprometidas e activas na defensa do Medio Ambiente e da nosa contorna.
 - o Coñecer a relación pasada e actual que as persoas tiveron e teñen coas plantas e as árbores.
 - o Descubrir os diferentes ámbitos da nosa vida nos que están presentes as plantas e as árbores.
 - o Comprender e valorar a relación existente entre a flora e as diferentes manifestacións culturais galegas (festas, cancionero popular, costumes, tradicións, literatura, gastronomía, medicina popular...).
 - o Coñecer os beneficios económicos (alimentos, condimentos, medicinas, materias primas, fontes de enerxía...) e ecolóxicos (base de ecosistemas, protección do solo, produción de oxíxeno, sumidero de CO₂, regulación do

clima...) que aportan as árbores e as plantas e valorar a súa importancia de cara á vida humana no Planeta.

- o Comprender a fragilidade da flora ante a actuación humana recoñecendo os principais problemas xerados por este uso e valorando a diversidade autóctona existente.
- o Analizar as actuais medidas de conservación e protección da flora galega.
- o Participar na planificación e realización en equipo de actividades de observación e investigación da nosa contorna, sendo receptivos e tolerantes ante opinións diferentes e debatendo e consensuando os resultados.
- o Realizar campañas de información, sensibilización ou actuación no contorno inmediato sobre a flora da nosa zona, e/ou algún problema de conservación existente.

3. Composición do equipo de biblioteca no presente curso

Vanesa Fernández Cordeiro (responsable).

Marta Sierra Abraín.

Patricia Merchán Río.

María Teresa Estévez Costa.

María Teresa Rodríguez Couso.

María Belén Berea Cruz.

O equipo de biblioteca reunirse unha vez ao mes e todas as veces que se considere oportuno.

4. Organización temporal e espacial da biblioteca

A organización temporal da biblioteca para este curso escolar abrangue tanto o emprego do espazo para o ámbito socio – lingüístico, como unha sesión semanal para cada un dos cursos de educación primaria, e dúas sesións semanais para as aulas de educación infantil. O horario queda especificado no Plan Anual de Lectura, onde tamén se detallan os distintos espazos e zonas coas que conta a nosa Biblioteca escolar.

5. Actividades para o curso 2022-2023

Proxecto documental integrado **"As raíces que nos unen"**:

Este curso escolar o alumnado decidiu que quería investigar sobre a flora. Así, decidimos centrarnos na vexetación da nosa contorna e da nosa Comunidade Autónoma, que moitas veces vese en perigo por mor doutras especiais invasoras.

Para isto, levaremos a cabo diferentes actividades que poñan en valor "as nosas raíces", para que o noso alumnado coñeza e valora o noso "patrimonio vexetal" e axude na conservación destas especies.

Hora de ler:

Cada día, o alumnado de educación primaria dedica tempo todos os días á ler. Preténdese conseguir no alumnado o fomento do seu hábito lector e a mellora da súa competencia lectora nas diferentes modalidades de lectura: individual, silenciosa, en voz alta, colectiva, utilizando o mesmo texto todo o grupo, lendo o **profesorado aos alumnos/as, lendo un ou varios alumnos ao conxunto da clase...**

Préstamos:

Durante o verán realizouse a migración do programa Meiga ao Koha, polo que empregamos este último para realizar préstamos. Este ano realizarase semanalmente, onde cada aula ten a súa hora asignada para realizar o préstamo e realizar outras actividades que así considere. Durante o tempo de lecer o polas tardes, a biblioteca permanecerá aberta, e poderán realizarse préstamos e devolucións tamén..

Mochilas viaxeiras:

Este ano levaremos a cabo a actividade das mochilas viaxeiras, na que incluiremos un libro de consulta, outro de banda deseñada, un libro de lectura para aos adultos da casa e outro para os cativos, e un xogo de mesa para fomentar o tempo compartido entre a familia e favorecer os vínculos entre eles.

A maiores, continuaremos coas mochilas con contido que verse sobre a igualdade, tanto para que podan estar nas aulas como para que podan ir para casa e compartir esas lecturas e recursos coas familias.

Itinerarios lectores e club de lectura:

As titoras de primaria poden realizar clubs de lectura cos itinerarios lectores. Para iso cada aula pode aproveitar a súa sesión de biblioteca. Poden utilizar os itinerarios lectores para despois poñer en común aspectos que lles chamaron a **atención, preguntas acerca do capítulo, actividades de animación...**

A maiores, tentaremos iniciar un club de lectura no centro, coa posibilidade de que sexa mixto e implicar ás familias na vida da biblioteca.

Actividades de expresión oral (teatro, contacontos, exposicións...):

Ao igual que no apartado anterior, as titoras poden aproveitar a sesión que lles toca a biblioteca para realizar actividades de expresión oral. O equipo de biblioteca porá a súa disposición recursos e ideas para poder levar a cabo estas actividades, relacionándoas co PDI e as conmemoracións.

A idea é que o profesorado de educación primaria se implique a realizar estas actividades e que animen ao alumnado a realizalas, tendo en conta que con elas se traballan contidos do currículo. Poderíanse facer estas actividades de xeito internivel, incluíndo ao alumnado de educación infantil.

Apadriñamentos lectores:

Este curso pretendemos retomar os apadriñamentos lectores entre o alumnado de diferentes idades.

Encontros con autores:

Faremos encontros con algúns autores, especialmente relacionados co PDI e tamén con outras temáticas relacionadas con contidos curriculares que se estean a traballar nas aulas e tamén partindo dos intereses do noso alumnado.

Formación de usuarios:

Tal e como especificouse anteriormente, está previsto que o equipo de biblioteca realice durante o 1º trimestre unha formación de usuarios tanto aos mestres como ao alumnado, sobre todo para poder facer o préstamo a través da nova plataforma Koha, así como as búsquedas tanto na Intranet como no OPAC do noso centro. Enviarase a familias tamén a información relativa ao noso catálogo, para que poidan consultalo a través do noso catálogo na rede.

Así mesmo, hai varias sesións nas que a coordinadora da biblioteca estará presente no espazo para axudar ao alumnado e a mestres, facer suxestións, etc.

Elaboración de materiais:

Intentaremos poñer á disposición do alumnado e das familias materiais que lles sexan de axuda (guías, recomendacións, consellos, pedagogía, lecturas para adultos...)

6. Avaliación

Na nosa labor como equipo de biblioteca cómpre destinar unha parte importante á avaliación, tentando promocionar e dinamizar a biblioteca por parte do profesorado.

Para avaliar, teremos en conta as seguintes técnicas de avaliación:

A observación sobre o funcionamento da biblioteca escolar.

As reflexións persoais e grupais do equipo de biblioteca.

As propostas de mellora da comunidade educativa.

O grao de satisfacción do alumnado coas actividades realizadas.

E instrumentos como:

Realización ao finalizar o curso escolar dun pequeno cuestionario sobre o funcionamento da biblioteca e as propostas de mellora.

A maiores, terase en conta os seguintes criterios de avaliación, observando se a BE...

Fai progresar na CCL por parte do alumnado.

Úsase tendo en conta os obxectivos citados con anterioridade (alfabetización múltiple, espazo creativo, competencias ALFIN/AMIL, investigación, traballo cooperativo...)

É un espazo onde se promove a inclusión.

Realiza actividades de investigación relacionados co proxecto.

22. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES

Dacordo coa disposición adicional terceira do Decreto 105/2014 sobre o uso das tarefas extraescolares, os mestres de Educación Primaria que así o desexen estableceranas atendendo ao adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa.

Terase en conta un adecuado encaixe coa vida das familias, de xeito que facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.

Ao tempo fomentárase a responsabilidade do alumnado e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

De tódolos xeitos, dende o centro consideramos de modo xeral que as tarefas extraescolares deben ser motivadoras e que procuren fomentar o traballo autónomo e creativo e non tanto o memorístico ou repetitivo. Así, consideramos como norma que os nenos e nenas non levarán tarefas para casa.

Se a mestra titora considera que é importante que unha alumna/o reforce un contido ou remate na casa un traballo non feito na clase, poderá encargar puntualmente algunha tarefa para levar a cabo na casa, pero nunca será unha tónica nin práctica habitual.

Consideración diferente terán os encargos de tarefas de investigación, creación, preparación de exposición, memorizacións de poemas para expoñer diante dos **compañeiros/as...**

23. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo:

Coordinadora: Victoria Castillo García

Membros: María Beatriz Álvarez Vila

Manuel Martínez Santiago

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Continuamos na liña establecida nos dous últimos anos, cunha aula de informática e dous grupos E-Dixgal.

Á aula de informática dispoñerá de varios postos para o alumnado, ao que hai que sumar o do profesor. Isto axuda a desenvolver a competencia dixital dos estudantes, igual que sucede cos dispositivos E-Dixgal do alumnado de 4º-5º e 6º.

Ademais, este ano continuamos recibindo os servizos dunha empresa informática externa que realizará quincenalmente o mantemento dos ordenadores. Do mesmo xeito, e como anos anteriores, seguiremos dispoñendo dun servizo técnico das

impresoras/fotocopiadoras do centro e contando co apoio da UAC e Abalar Premium.

En canto a equipos informáticos e dotación de materiais relacionados coas TIC, neste curso contaremos con:

- 8 portátiles e 2 PCs distribuídos polas aulas de EI e EP, todos eles conectados a internet e ás impresoras ou en proceso de ser conectados polas empresas contratadas.
- 23 portátiles E-Dixgal para o alumnado: 8 en 4º-5º e 15 en 6º (1 deles de reposto), á espera de que chegue nova dotación para o alumnado de 4º.
- 7 portátiles para o profesorado E-Dixgal
- 13 PCs e 1 portátil para o profesorado na aula STEAM
- 1 portátil no despacho do Departamento de Orientación e nas aulas de Inglés, Arts e Relixión-AL, e 2 portátiles na aula de Música, todos tamén conectados a internet e ás impresoras.
- 1 PC na aula de PT.
- 3 equipos portátiles para Xestión Administrativa (Dirección, Xefatura e Secretaria), conectados a internet e a unha impresora.
- 1 equipo de Xestión e 3 equipos (PCs) para consulta na biblioteca conectados a internet e a impresora.
- 1 PC e 1 portátil na sala de mestres, ambos conectados a internet e a unha impresora-fotocopiadora-scanner.
- 1 PC na radio conectado á megafonía do centro
- 10 pizarras dixitais e os seus proxectores (nas aulas de Ed. Infantil, e Ed. Primaria e na Aula de música).
- 2 canóns de vídeo na aula de Lingua Inglesa e a Biblioteca
- 2 Ipads (un deles para uso prioritario da Biblioteca)
- 1 impresora multifunción na planta superior do centro.
- 3 impresoras distribuídas por diferentes aulas.

2. PLAN INTERNO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O claustro de mestres segue a levar a cabo a actualización da páxina web do colexio co fin de conseguir que sexa un medio eficaz de unión de toda a comunidade educativa (pais, alumnos, mestres) e de intercambio de opinións e experiencias de todos os implicados no proceso de ensino-aprendizaxe a través dos blogs de aula. Neste sentido e como obxectivo prioritario para esta ano pretendemos manter os blogs actualizados. Favoreceremos a formación no uso de PROENS e recursos variados, tal como se indica nos obxectivos.

3. OBXECTIVOS XERAIS A TRABALLAR NESTE CURSO

1. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC para mellorar a práctica docente.
2. Dinamizar e actualizar a web do centro como espazo de comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa.
3. Dinamizar e actualizar os blogs de aula como espazo de comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa.
4. Axudar a mellorar a práctica docente aproveitando as posibilidades que ofrecen as TIC, así como o uso da aula virtual, ofrecendo a formación necesaria aos mestres.
5. Mellorar a organización dos dispositivos do centro.
6. Revisión anual do Plan TIC.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA ESTE CURSO

Dende o Equipo de Tecnoloxías da información e a comunicación do centro, propoñémonos os seguintes aspectos a conseguir:

Obxectivo: 1. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC para mellorar a práctica docente.

Acción 1	Favorecer o uso das TIC entre o profesorado		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X

Indicador	Favorécese o uso das TIC entre o profesorado		
Responsables	Equipo TIC		
Recursos materiais e	Ordenadores con conexión a internet, tempo		
Acción 2	Resolver as dúbidas plantexadas polo profesorado e responder ás súas necesidades		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Resólvense as dudas e necesidades do profesorado		
Responsables	Equipo TIC		
Recursos materiais e	Tempo		
Acción 3	Empregar as TIC non traballo cotián e nas actividades da aula		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	O profesorado emprega as TIC na aula		
Responsables	Profesorado		
Recursos materiais e	Tempo, ordenadores con conexión a internet, etc.		
Acción 4	Facilitar o emprego das TIC entre o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo, incluíndoas nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Propóñense actividades TIC para a atención ao alumnado NEAE, o reforzo e o apoio.		
Responsables	Profesorado		
Recursos materiais e	Tempo, ordenadores con conexión a internet, etc.		

Obxectivo: 2. Dinamizar e actualizar a web do centro como espazo de comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa.

Acción 1	Colgar as novas e documentos do centro		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Cólganse as novas do centro		

Responsables	Coordinadora TIC
Recursos materiais e	Ordenadores con conexión a internet

Obxectivo: 3. Dinamizar e actualizar os blogs de aula como espazo de comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa.

Acción 1	Acordo de publicar mínimo unha nova ao mes		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T

Indicador Os blogs mantéñense actualizados

Responsables Profesorado

Recursos materiais e Tempo, ordenadores con conexión a internet

Acción 2 Establecer un sistema de coordinación para informar ás familias sobre os obradoiros dos diferentes ámbitos a través dos blogues ou a páxina web.

Acción 2	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T

Indicador A información sobre os obradoiros é trasladada ás familias mediante a web

Responsables Claustro

Recursos materiais e Tempo e ordenador con acceso a internet

Obxectivo: 4. Axudar a mellorar a práctica docente aproveitando as posibilidades que ofrecen as TIC, así como o uso da aula virtual, ofrecendo a formación necesaria aos mestres.

Acción 1	Favorecer o uso e coñecemento do PROENS entre o profesorado, resolvendo as dúbidas que xurdan.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T x	3º T x

Indicador O profesorado dos cursos impares emprega PROENS co apoio do equipo TIC

Responsables Equipo TIC

Recursos materiais e Tempo, ordenadores con conexión a internet

Acción 2	Facilitar formación e recursos para o profesorado que así o solicite en ámbitos como a radio escolar, o uso de croma, etc.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	O equipo TIC facilita ao profesorado a axuda ou formación que precisan para o emprego de diversos recursos TIC		
Responsables	Equipo TIC		
Recursos e materiais	Tempo e ordenadores con acceso a internet		

Obxectivo: 5. Mellorar a organización dos dispositivos do centro.

Acción 1	Elaborar unha base de datos actualizada dos equipos dos que dispón o centro, descartando e dando de baixa aqueles que xa non serven.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Elabórase unha base de datos de equipamento TIC e danse de baixa os equipos que xa non serven.		
Responsables	Equipo TIC, equipo directivo		
Recursos e materiais	Ordenador, programa de xestión de bases de datos, tempo.		

Dentro deste apartado do Plan TIC recolleemos unha pequena síntese do que esperamos conseguir coa aplicación do Plan Dixital de Centro.

O curso pasado redactouse o Plan Dixital do centro elaborado seguindo unha serie de pasos cuxo obxectivo último era a redacción de una serie de metas a acadar para o curso seguinte.

Durante o proceso de elaboración procurouse a reflexión constante da realidade do noso centro analizando o cuestionario SELFIE así como o Test de competencia dixital docente co fin de tomar unha instantánea realista da situación actual das tecnoloxías do noso centro e así mellorar de cara o futuro e de propornos uns obxectivos acadables a curto prazo.

Os obxectivos que finalmente foron propostos, así como as accións concretas, foron os seguintes:

- Implantar grupos de traballos e formación relacionada coa tecnoloxía.
 - Crear un grupo de traballo no que compartir diferentes ferramentas dixitais e as súas posibilidades
 - Traer ao centro a profesionais expertos en diferentes ámbitos das TIC: **avaliación, creatividade, inclusión, colaboración coa comunidade...**
 - Ensinar entre as mestras e mestres coñecementos en tecnoloxías favorecendo a comunicación entre compañeiros e o co-ensino.

- Facilitar o uso de recursos dixitais.
 - Arranxar os ordenadores que adoitan dar fallos (aula de informática, **consulta en biblioteca, aula de 2º...**)
 - Informar sobre a oferta formativa de FPROFE neste ámbito
 - Crear un repositorio de contidos na aula virtual do centro.

- Empregar as tecnoloxías para a avaliación.
 - Recibir formación para avaliar con tecnoloxías.
 - Empregar as tecnoloxías para facer a autoavaliación do alumnado e a avaliación da marcha da clase
 - Empregar as tecnoloxías para facer a avaliación xeral da marcha do curso

- Mellorar a aparencia e a utilidade da aula virtual do centro.
 - Colgar na aula virtual unha actividade mensual mínima a facer por aula.
 - Publicar novas da aula na aula virtual para as familias polo menos unha vez ao mes.
 - Colgar artigos ou documentos de interese para as familias.
 - Empregar a aula virtual das mestras para compartir e traballar en documentos, colgar os resumos das xuntanzas, material de interese.

A avaliación de dito plan levarase a cabo da seguinte forma: avaliación procesual levarase a cabo por parte da coordinadora do Plan dixital unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A avaliación final ó final de curso valorarase o logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Farase a través de cuestionarios ou enquisas e, os datos obtidos recolleranse na memoria anual e servirán de punto de partida e mellora para o curso seguinte.

24. PLAN ABALAR/EDIXGAL

A coordinadora do Plan Edixgal deste ano no noso centro é Victoria Castillo García

Este ano temos dous cursos dentro do programa Edixgal:

- 5º curso con 2 alumnos . A súa titora é Beatriz Álvarez Vila. Este curso dase a peculiaridade de que este é un curso mixto, con 4º, polo que estamos á espera de recibir portátiles para poder empregalos con todo o alumnado do grupo.
- 6º curso con 14 alumnos/as. A súa titora é Adolfin Otero Moledo.
- Ademais destes Mestres titores formarían parte do profesorado implicado as mestras e Mestres especialistas. Neste caso serían:), Elisa Pidal Pardo (mestra Inglés), Iago Hervella Pérez (mestre EF e ARTS nas seccións bilingües), Manuel Martínez Santiago (mestre Ed. Musical e Plástica), María Teresa Rodríguez Couso (mestra AL), Rocío Agulla Ferverza (mestra PT).

Durante este curso escolar continuamos co programa E-Dixgal. Este ano aplícase a dous grupos, un deles mixto (4º-5º). Atendendo a esta circunstancia, a dirección do centro solicitou á consellería que se envíen portátiles para que todo o alumnado dese grupo poida dispoñer do seu propio ordenador, malia que estes non poidan ser levados a casa e sexan para uso exclusivo dentro do centro. A estas alturas de curso aínda non foron enviados eses portátiles prometidos, mais contamos con poder dispoñer deles.

A principio de curso a coordinadora redistribuirá os portátiles necesarios para o alumnado e o profesorado, cos seus correspondentes acordos de cesión. Cando os usuarios non vaian precisar máis os portátiles (por cambio de centro ou de titoría) deberán asinar o acordo de devolución. Esta devolución será realizada pola coordinadora E-Dixgal, que comprobará o estado do equipamento e procesará todos os acordos.

Durante a primeira reunión informativa grupal coas familias explicarase o funcionamento do programa E-Dixgal ás familias, achegándolles un documento cos datos máis relevantes e información sobre o seguro que poden contratar (tal como se pode ver ao final do plan).

O profesorado E-Dixgal poderá empregar os recursos ofrecidos pola Consellería ou aqueles creados por eles mesmos, sen que isto implique que non se poidan usar materiais funxibles, manipulativos, etc.

Durante o curso a coordinadora dará asesoramento e formación ao profesorado E-Dixgal sempre que o precisen, axudándolles en asuntos como a xestión de credenciais, a personalización de contidos, etc. Para iso poderá organizarse unha reunión formativa a principio de curso.

Incluimos, a continuación os obxectivos e aspectos importantes do proxecto para a incorporación a Edixgal que se manteñen como obxectivos do plan:

OBXECTIVOS XERAIS

- **Incorporación de materiais dixitais en todas as materias de 5º e 6º de Educación primaria, xunto cun cambio na metodoloxía de traballo do profesorado.**
- **Creación dunha contorna dixital e virtual de aprendizaxe, potenciando a comunicación con outros centros educativos e tamén coas familias.**
- **Potenciar unha cultura dixital afianza dende o noso proxecto de centro.**
- **Beneficiar as familias cun gran aforro en materiais educativos.**
- **Formación activa e continua do proceso para a consecución dun mellor desenvolvemento da competencia do tratamento da información e a competencia dixital.**
- **Impulsar a súa continuidade na procura de converternos cada vez máis nun centro educativo que forme alumnado competente digitalmente nun ensino de calidade.**

OBXECTIVOS A CORTO PRAZO

- **Introducir ao novo alumnado e as familias de 5º de educación primaria no novo proxecto E-Dixgal dunha forma paulatina e transparente, intentando que sexan partícipes en todo momento deste cambio positivo de metodoloxía e de aprendizaxe.**
- **Promover unha contorna dixital e virtual de aprendizaxe como soporte para a nosas clases. Para isto utilizaremos: repositorio abalar, contidos en rede, actividades interactivas, traballando con elas a diario e facilitando que poian traballar con elas nas súas casas.**
- **Impulsar a continuidade do proxecto E-Dixgal seguindo a planificación xa organizada para a formación dos docentes implicados no proxecto, procurando así que o profesorado se sinta pouco a pouco máis seguro.**

OBXECTIVOS A MEDIO/LONGO PRAZO

- **Contorna virtual de aprendizaxe con experiencias que serán compartidas con outros centros e coas familias a través da aula virtual, do correo electrónico, da páxina web do noso centro, do repositorio de contidos abalar, tentando así que sexa unha aprendizaxe retroalimentada con outros centros.**
- **Promover a continuidade deste proxecto: formación continua das mestras/es, divulgación da metodoloxía e traballo realizado dende o noso centro para as familias para conseguir a súa participación e colaboración.**

Metodoloxía prevista para o desenvolvemento do proxecto por parte do profesorado do centro, obxectivos:

- **Coñecer o manexo de todos os recursos que se van a utilizar** : oMateriais: repositorio de contidos, aula virtual, libros dixitais, programas educativos, recursos on-line. Recursos tanxibles: servidor, ordenadores portátiles, ultraportátiles, PDI's, proxectores, armarios de carga, rede wifi.

Recursos intanxibles baseados no software: sistema operativo LINUX, paquetes ofimáticos, e outros programas.

- **Aprender a empregar dunha maneira eficaz e eficiente os diferentes programas** no día a día para desenvolver os diferentes contidos.

- **Colaborar entre os diferentes titores e especialistas para que haxa unha** continuidade dentro do proceso de ensino-aprendizaxe e dentro do proxecto experimental de Educación dixital.

- **Favorecer a coordinación do profesorado implicado para unha mellora do seu** proceso de planificación e desenvolvemento, e seguir mantendo como ata o momento, a coordinación entre as titoras e os especialistas que imparten docencia en 5º e 6º de educación primaria. Neste sentido, intentarase que o profesorado dispoña dentro do seu horario lectivo, dunha hora semanal para xuntanzas coa coordinadora/or e elaboración de contidos educativos de área; sempre e cando a plantilla de profesorado non se vexa alterada.

- **Integrar dentro do proxecto unha metodoloxía activa, motivadora, equitativa,** global e flexible, que permita que todos os mestres traballemos nunha mesma liña metodolóxica, conseguindo así potenciar as capacidades do noso alumnado grazas ó manexo das TIC.

- **Amosar as posibilidades que ofrece a rede á hora de facer, elaborar e desenvolver** tarefas e actividades.

- **Realizar un traballo de avaliación e retroalimentación de todo o proceso en cada** un dos trimestres, así coma un seguemento periódico das actuacións previstas no programa con carácter trimestral.

- **Participar en cursos** organizados pola Rede de Formación Permanente do Profesorado da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Ao longo do curso, polo tanto, realizaremos unha formación periódica e sistemática na que trataremos os obxectivos e contidos comentados anteriormente. A maiores, participaremos en diferentes cursos de formación. Prestaremos especial atención ós diferentes niveis dos nosos compañeiros, podendo, desta maneira, facer diferentes grupos segundo cada un dos niveis presentes, co gallo de prestar atención axeitada a todos os/as mestres/as. O obxectivo básico é que todos consigan chegar a un nivel no que poidan empregar as ferramentas, de tal maneira, que poidan elaborar e axudar á realización de diferentes actividades, así como formar ao seu alumnado e facilitar-lles as

ferramentas que lles axuden a desenvolver as competencias básicas de forma lúdica, integradora...

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Para avaliar o desenvolvemento do proxecto imos a utilizar diferentes ferramentas e indicadores. Comezamos cos indicadores: Avaliación e autoavaliación dos obxectivos acadados polo profesorado na formación que se realizará o longo do ano. Por tanto, valoraremos obxectivos como:

- Coordinación realizada entre titores (5º e 6º), especialistas e coordinador do proxecto.
- Uso por parte do profesorado dos diferentes recursos, programas e aplicacións; así como a divulgación das experiencias con outros mestres e centros.
- Valoración do cambio de metodoloxía. Consequimos que fora activa, integradora, equitativa, global e flexible?. Consequimos con ela chegar os nosos alumnos/as?.
- Valoración dos cambios organizativos que se levaron a cabo.

Avaliación dos obxectivos acadados polas familias na formación e información que se realizará ó longo do ano. Por tanto, valoraremos obxectivos como:

- Implicación das familias no desenvolvemento do proxecto: asistencia ás diferentes reunións, emprego do abalar móbil así como do correo electrónico.
- Valoración do uso nas casas do material: se está ben coidado, preocupación por cumprir os prazos pautados.
- Colaboración na realización de tarefas que se pidan dende a escola ás familias.
- Satisfacción do novo método de traballo, da información que lles chega dende a escola e a motivación creada nos seus fillos/as.

Avaliación e autoavaliación dos obxectivos acadados polos alumnos/as na formación que se realizará o longo do ano. Por tanto, valoraremos obxectivos como:

- Valoración das competencias básicas acadadas. Consequimos que coa nova metodoloxía e recursos os coñecementos que marca o presente currículo se conseguiran dunha forma axeitada?. Aumentou a súa competencia do tratamento da información e a competencia dixital?
- Valoración da súa motivación ao longo do ano con respecto á metodoloxía e aos recursos empregados: Consequimos potenciar o seu pensamento crítico? A maneira de transmitir os coñecementos foi divertida e innovadora?

-Valoración da dificultade do cambio metodolóxico. Consequimos que os nenos/as se adaptaran de forma axeitada sempre partindo dos seus coñecementos básicos, o seu nivel e ritmo de aprendizaxe.

25. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Patios dinámicos e vivos	Todo o curso	Todos os cursos	Mestre de EF e claustro en xeral
HORTO ESCOLAR: Coidado do horto, sembrado, recollida, preparación de receitas	Todo o curso	Aínda por concretar	Mestres titores e coordinadora voz natura
RECREOS RESIDUO CERO: Seguiremos incidindo para que se limiten os residuos nas merendas, a través de botellas duradeiras para a auga e o emprego de tupper.	Todo o curso.	Todos os cursos.	Titores e mestres implicados
PARTICIPACIÓN NO PROXECTO TERRA: Traballaremos para dar vida ao noso centro a través de iniciativas no entorno.	Todo o curso.	Todos os cursos.	Titores e coordinadora do proxecto.
CHARLAS PARA FAMILIAS SOBRE ALIMENTACIÓN SAUDABLE.	Segundo trimestre.	Familias.	Encargada da escola de familias.

26. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O equipo de normalización e dinamización da lingua galega que foi constituído este curso escolar 22-23 é o seguinte:

- Iago Hervella Pérez
- Adolfin Otero Moledo
- Elisa Pidal Pardo
- Eva Amalia Grobas Fernández
- Rocío Agulla Fervenza (Coordinadora)

Este curso escolar coa implantación da LOMLOE haberá que facer unha revisión do proxecto lingüístico para garantir que se segue a cumprir o reparto equitativo das linguas na impartición das clases. Para iso revisaremos e correxiremos o cadro de reparto das linguas que se inclúe no Proxecto Lingüístico para adaptalo á nova realidade normativa e tamén á realidade do centro.

MATERIAS		CURSOS					
		1º	2º	3º	4º	5º	6º
LINGUA GALEGA E LITERATURA		4	4	4	4	4	3
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		4	4	4	4	4	3
MATEMÁTICAS		5	5	4	4	4	5
CIENCIAS SOCIAIS		2	2	2	2	2	3
CIENCIAS DA NATUREZA		3	2	3	2	3	2
LINGUA ESTRANXEIRA		-----	-----	-----	-----	-----	-----
EDUCACIÓN FÍSICA		2	2	2	2	2	2
EDUCACIÓN ARTÍSTICA/ ÁMBITO ARTÍSTICO	EDUCACIÓN MUSICAL MÚSICA Y DANZA	1	1	1	1	1	1
	EDUCACIÓN PLÁSTICA EDUCACIÓN PLÁSTICA Y VISUAL	1	1	1	1	1	1
RELIXIÓN/VALORES/PROXECTO COMPETENCIAL		1	2	1	1	1	1
LIBRE CONFIGURACIÓN					1		-----
TOTALS		11/12	11/12	11/11	11/11	11/11	10/11

26.1.COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo de normalización e dinamización da lingua galega que foi constituído este curso escolar 22-23 é o seguinte:

- Iago Hervella Pérez
- Adolfin Otero Moledo
- Elisa Pidal Pardo
- Eva Amalia Grobas Fernández
- Rocío Agulla Ferverza (Coordinadora)

26.2. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Participación e implicación da comunidade educativa no curso anterior.

O nivel de participación e implicación por parte do profesorado e alumnado no desenvolvemento das actividades foi elevado; non houbo ningún nivel do centro que quedase sen participar activamente nelas. En canto ao resto da comunidade educativa colaboraron e participaron en todas as actividades programadas ao longo do curso: o Samain, o Magosto, Festa de Nadal, Día de Rosalia, Día da Muller, Día da Paz, Entroido e 21 días en galego, o "Cross da letras galegas". A actividade do Correlingua realizouse no Auditorio de Cangas, cun concerto de Paco Nogueiras aínda que debido á situación COVID o aforo estivo limitado e non puideron asistir todos os grupos. O festival de fin de curso, finalmente non se puido realizar.

Consecución dos obxectivos propostos.

O obxectivo xeral que nos marcamos no proxecto é: Usar a lingua galega como medio de relación e comunicación entre todos os membros da Comunidade Educativa, coa finalidade de que o alumnado, ao rematar as sucesivas etapas educativas, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

Este curso anterior notouse unha lixeira melloría en canto o uso do galego. A competencia lingüística dos alumnos/as no emprego oral da lingua aumentou; comprobamos como cando calquera interlocutor fala en galego ao alumnado, moitos responden no mesmo idioma. Isto é así canto maior é a idade do neno/a; que vai adquirindo unha maior competencia lingüística nas dúas linguas.

Para conseguir este obxectivo xeral propoñemos as seguintes actividades dende o Equipo:

- Que todo o profesorado do centro se implique e vexa a importancia de que nas clases que se imparten en galego, os/as alumnos/as deben expresarse neste idioma para formar galego falantes.
- Que o alumnado se decate de que o galego é unha lingua empregada en todos os ámbitos profesionais e por moitas personaxes que eles consideran importantes na súa vida.
- Espertar a curiosidade e interese nas actividades nas que teñan que empregar como lingua de comunicación o galego.
- Dispor de material de consulta en galego e elaborar materiais propios do centro.
- Fomentar o uso do galego nos medios de comunicación e nas novas tecnoloxías.
- Motivar á comunidade educativa a que lea en galego (merca de libros en galego, agasallos de libros en galego e actividades dende a biblioteca sempre en galego)
- Recuperar os xogos e festas tradicionais da cultura galega para que estas perduren e poidan ser transmitidos ás seguintes xeracións.
- Ver e sentir a utilidade, importancia e a beleza da nosa lingua; pero sobre todo, que eles son os verdadeiros herdeiros para que esta perdure e siga viva a través da súa voz.

O curso anterior houbo unha aceptación moi boa das actividades realizadas. Tamén valoramos moi positivamente a aposta do equipo pola utilización dos medios audiovisuais e informáticos para a elaboración de distintos materiais e mesmo o traballo do alumnado con estes recursos que fan que o idioma resulte máis atractivo para eles/as. Polo que este ano a intención é de seguir na mesma liña.

Atrancos detectados

O curso 21-22 os atrancos para levar a cabo o noso proxecto foron variados e numerosos. Sobre todo nos primeiros momentos do curso onde as limitacións establecidas nos protocolos impedían realizar actividades nas que participase simultaneamente todo o alumnado.

Tamén detectamos outro atranco relacionado co tempo que o profesorado e alumnado ten que dedicar ás numerosas actividades que se proxectan dende os distintos equipos do centro. Non só á carencia económica, que obviamente é máis que significativa, senón tamén á falta de horario do profesorado para a dinamización e planificación de actividades. Ao tratarse dun colexio pequeno implica que temos que realizar os labores dos distintos equipos entre os poucos mestres do centro. E tamén é imposible establecer horas de coordinación entre todos os membros do equipo.

Cara o presente curso e debido a que a situación sanitaria mellorou tentaremos ofrecer proxectos, actividades e dinámicas que poidan realizarse interniveis e ofrecendo, sempre que se poida a implicación de toda a comunidade educativa, intentando que as familias poidan participar nas actividades do centro, que que cremos que esta forma de traballar repercute de xeito moi positivo no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado e no bo funcionamento do centro.

Outro atranco co que nos atopamos foi a insuficiencia de medios dos centros. Non sempre funcionan os equipos informáticos, a conexión á rede non sempre é boa, polo que en moitas ocasións non podemos realizar o traballo que tiñamos planificado, e non hai persoal da Xunta que actúe con rapidez no arranxo destas cousas.

Propostas de actuación de mellora.

Para este curso, proporemos seguir a traballar en actividades que redunden na competencia oral dos/as alumnos/as e en continuar a conseguir unha actualización da comunidade educativa nas novas tecnoloxías.(Curso de formación no manexo da radio, croma).

Numerosos estudos demostran que é moi importante iniciar aos nenos/as canto antes na aprendizaxe das linguas e que os bilingües teñen unha maior facilidade para aprender unha terceira lingua. Pero se queremos manter unha situación de bilingüismo temos que manter a presenza do galego na escola, xa que nalgúns casos é o único contacto que manteñen con esta lingua.

A súa presenza nos medios de comunicación, nos servizos que utilizamos na vida diaria (supermercados, perruquerías, centros médicos...) é mínima. Polo tanto, se non protexemos a lingua galega dende a escola, vai sufrir un maior retroceso do que xa padece. O obxectivo principal será buscar actividades de inmersión lingüística.

26.3. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

Para que o uso do galego se vexa aumentado no centro e na vida en xeral do noso alumnado levaremos a cabo, coas premisas de seguridade e saúde establecidas, as seguintes accións:

“Comprometéndonos”. Fomentar o uso da lingua nas distintas áreas a impartir en lingua galega, valorando que toda comunicación oral sexa realizada en galego e implicando nesta tarefa a todos os / as mestres/as do Centro. Ademais, as actividades realizadas no Centro dende os distintos equipos, sempre serán en galego.

"Arrolos de Artistas". Continuando con actividades similares de cursos pasados, pretendemos que se achegue ao centro un/ha escritor/a en lingua galega, ilustrador/a ou persoa de recoñecido prestixio vinculada á literatura, para que lles achegue de primeira man as características da súa actividade e a importancia de realizala en galego.

"Galeguizando". Como medio de normalizar o uso da lingua galega fóra do entorno escolar, adquiriremos filmes e música en galego para proxectar en datas escolares sinaladas e, así, aumentar o fondo da videoteca en lingua galega, para traballar obxectivos transversais e a educación en valores e fomentar o hábito de escoitar a nosa lingua nos cinemas e na música. Estes recursos audiovisuais estarán a disposición do profesorado sempre que o precise para traballar na súa aula.

Este curso a radio escolar será un pilar fundamental racias ao cal se poderán realizar actividades que potencien e apoiem o uso da nosa lingua. Entrevists a familias, traballadores da contorna, podcast, etc.

"DecorARTE". Seguiremos a realizar murais que conteñan lemas que poñan en valor a nosa lingua e potencien o seu uso en todos os ámbitos. Ou aqueles outros que garden relación coas diferentes conmemoracións: O Samain, O Nadal, Día da non violencia e da paz, Día da Muller...É esta unha actividade que permite reforzar a presenza do galego coma lingua vehicular no centro.

Organizaranse charlas con escritores ou personaxes públicos que se expresen en galego.

Potenciar a creación de grupos de teatro, conta-contos, recitadores, etc.

Participación nos concursos, exposicións e/ou festivais que se vaian celebrando ao longo do curso (elaborar redaccións, falar en público...)

Representación de obras de teatro, musicais, presentacións, recitado de poemas...

Elaboración de material que se incluírá no blog da biblioteca e na páxina web.

Participar nas actividades que se propoñen dende as campañas de fomento de uso do galego, que cada ano elabora o EDLG en colaboración con diversas entidades, pero especialmente co Concello de Moaña como o "21 días en galego".

- CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Intervencións por parte das familias na Biblioteca Escolar ou da aula, empregando literatura e poesía en galego.

Potenciar as actividades de animación á lectura realizadas dende a Biblioteca Escolar.

Un dos obxectivos primordiais do EDLG é potenciar as actividades de animación á lectura en colaboración directa co Equipo da Biblioteca Escolar, e tamén a suxestión de diversos libros no noso idioma. Como:

-Mochilas viaxeiras. Cada semana un/ha neno/a leva a mochila con diversos libros para a súa casa. Dentro vai un caderno no que escriben ou debuxan o que lles parece dos libros que leron.

Guías lecturas recomendadas para o Nadal elaboradas polos EDLG do Morrazo.

O recuncho do medo. Coincidindo coa celebración do Samaín, prepararase unha pequena colección que estará exposta nas estanterías da biblioteca destinadas a expoñer os libros que se queren traballar segundo a conmemoración ou celebración. Esta actividade realizarase co Equipo de Biblioteca.

Conmemoración do día de Rosalía de Castro con libros da autora, recitado de poesía, traballos , xogos sobre a súa obra, vida, etc.

Apadriñamentos lectores: eset curso, voltaremos levar a cabo no centro esta actividade.

-Libros ao patio. Consiste en realizar a hora de ler no patio durante todo o terceiro trimestre (os días que o tempo o permita). Ademais o centro conta cunha biblioteca exterior onde procuraremos que haxa literatura na nosa lingua.

-O día do libro. Na data da festividade os padriños/madriñas gravarán un vídeo no que lerán un conto aos seus afillados/as.

- MEDIOS AUDIOVISUAIS

- Adquisición de CDs e DVDs para a realización das actividades audiovisuais programadas.
- Dixitalización de traballos plásticos feitos polos alumnos e alumnas en relación co proxecto anual da escola.

Poremos material dixital e informático para desenvolver o proxecto ou para desenvolver actividades concretas coma o Día da Paz, Día de Rosalía, Letras Galegas... empregase a lingua galega.

- Adquisición de programas, aparatos e medios materiais para a realización do Caranvexornal.

- ACTIVIDADES COMÚNS DO CENTRO

Este ano debido á mellora da situación sanitaria as actividades comúns do centro como o Samaín, o Magosto, o Nadal, Entroido, Día de Rosalía... realizaranse a nivel centro.

- ACTIVIDADES PROPOSTAS DENDE O CONCELLO

- 21 días en galego. Esta é unha actividade que vimos realizando dende hai anos co concello e dado o bo resultado que estamos observando, sumarémonos novamente este curso.
- Incluímos aquí tamén a colaboración co noso Concello no proxecto de televisión escolar municipal CARANVEXO TV; para a cal o noso Centro aportará un vídeo gravado totalmente en galego, ademais de participar no vídeo de presentación do Correlingua.

- LETRAS GALEGAS.

Día das Letras Galegas:realizaranse distintas actividades a nivel centro para realzar a figura de Francisco Fernández del Riego , homenaxeado das Letras Galegas do 2023.

- MATERIAL DE APOIO ÁS AREAS CURRICULARES

Facilitarmos algún tipo de material aos ciclos como fotocopias, cartolinas, papel de plastificar, láminas e algúns recursos, información e enlaces propostos polo Equipo de Dinamización, polo Servizo Provincial de Dinamización e a Coordinadora Comarcal do

Morrazo. Tamén algún libro, CDs e DVDs *mercados con diñeiro do Centro*. De todos os xeitos parécenos un obxectivo a manter en futuros proxectos dada a súa importancia e a demanda que dende os diferentes niveis e etapas nos fan os titores e titoras.

- COÑECENDO O NOSO ENTORNO

Ainda que son actividades que se realizan cada curso, este ano debido a que o PDI do centro (As raíces que nos unen) é o coñecemento e recoñecemento da flora da nosa contorna sairemos investigar sobre as plantas, flores, árbores, arbustos e froitos que nos rodean. Coa información recollida realizaranse traballos plásticos, escritos, fotográficos, etc.

26.4. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Este ano temos 4 seccións bilingües, 3º, 4º, 5º e 6º de EP. Dase plástica en inglés.

27. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

O Departamento de Orientación do CEIP Abelendo, para o curso 2022/23, queda constituído polos seguintes membros ([Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia \(DOG, 27/04/1998\)](#) e [Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia \(DOG, 31/07/1998\)](#)):

- Xefa do Departamento de Orientación: Paula González Gómez (definitiva);
- Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: Rocío Agulla Fervenza;
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe: María Teresa Rodríguez Couso;
- Coordinadora Educación Infantil: Vanessa Fernández Cordeiro;
- Titora de 1º EP: Victoria Castillo Moreno;
- Titor de 2º EP: Patricia Merchán Río;

- Titora de 3º EP: María Teresa Estévez Costa;
- Titora de 4º e 5º EP: María Beatriz Álvarez Vila;
- Titor de 6º EP: Adolfin Otero Moledo.

27.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Este ano contamos con novas especialistas en PT e AL. A PT está a tempo completo no centro e a AL só virá os mércores, a primeira metade do xoves e o venres. A orientadora continúa sendo a mesma dende 2018 e, este curso virá a Abelendo os martes e xoves.

Temos 6 mestres novos no centro dando titorías e especialidades. Dúas mestras de infantil continúan co mesmo grupo ca o ano pasado e dúas mestras de primaria tamén.

Este curso non repite ningún alumno. Algún alumnado pasa con algunha materia suspensa do curso anterior. Hai alumnado que necesita de medidas de Reforzo Educativo por parte dos mestres que imparten as áreas correspondentes. Tamén hai alumnado que necesita apoio por parte das mestras de PT e AL.

Contamos cunha persoa Auxiliar Técnico Educativo.

27.2. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

- MEDIDAS ORDINARIAS:
 - Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
 - Traballo por ámbitos.
 - Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
 - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
 - Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
 - Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
 - Programa de enriquecemento curricular.
 - Programas de habilidades e competencias sociais.
 - Posta en marcha de plans e programas ofertados pola Consellería (PROA+, Inclúe-T,

Iguála-T, Convive-T...).

- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Adaptación curricular.

27.3. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

1.

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
1	Constitución do Departamento de Orientación	Orientadora DO	Xefatura de estudos	Setembro/outubro
2	Reunións periódicas cos mestres de apoio	Orientadora e profesorado de apoio	Orientadora e profesorado de apoio	Quincenalmente
3	Reunións periódicas co profesorado formante do DO	DO	DO	Mínimo unha por trimestre
4	Reunións periódicas co profesorado titor	DO Profesorado titor	DO Profesorado titor	Cando sexa necesario
5	Organización de modalidades dos Contratos-programa RECUPÉRA-T: PROA+: proxecto, alumnado seleccionado, reunións periódicas co responsable de dalos	Orientadora, mestre que imparte o programa, tutores/as	Alumnado	Quincenalmente
6	Revisión dos documentos do DO	Orientadora, PT e AL	Claustro e familias	SETEMBRO
7	Xestionar as solicitudes de becas para ACNEAE	Secretaria, Director, Orientadora	Inspección educativa	SETEMBRO, OUTUBRO
8	Actualización do PO, PXAD, PAT	Orientadora DO, Claustro	Director, claustro	SETEMBRO/OUTUBRO

9	Elaboración de horarios do profesorado de AL e PT	Orientadora, PT, AL	Xefatura de estudos	SETEMBRO (revisión ao longo do curso)
10	Elaboración do horario da ATE	Orientadora Xefatura de estudos	ATE	SETEMBRO (revisión ao longo do curso)
11	Coordinar o plan de traballo que se vai desenvolver co ACNEAE	Orientadora, PT, AL	Orientadora, PT, AL e claustro	Todo o curso
12	Recoller as demandas de: inspección, EOE, equipo directivo, profesorado e familias	Orientadora	DO, Claustro	Todo o curso
13	Informar do alumnado con materias pendentes ou que non promocionou	Orientadora	Claustro	SETEMBRO
14	Actividades para o alumnado e familias de 6º de EP sobre a ESO. Información e presentación do tránsito de etapa, da primaria á ESO, segundo directrices do DO do IES ao que estamos adscritos	Orientadora, Orientadora do IES, Titor de 6º	6º	Todo o ano
15	Traspaso de documentación e información do alumnado que pasa ao IES	Orientadora, Orientadora do IES	6º	Xuño
16	Avaliación inicial do alumnado que comeza a etapa de Educación Primaria e do que se escolarice no centro por primeira vez	Profesorado titor	Equipos docentes	SETEMBRO/OUTUBRO
17	Estatística DRDADI	Orientadora, Director.	Consellería	OUTUBRO/NOVEMBRO
18	Estatística DRDORIENTA	Orientadora	Consellería	MAIO/XUÑO
19	Valoracións e avaliacións diagnósticas necesarias do alumnado que o precise. Elaboración de informe	Orientadora, equipo docente, familias	Alumnado	Todo o curso

20	Valoración en grupo de capacidades do alumnado de 3º, 5º e 6º EP	Orientadora, titora 3º, 5º e 6º EP	Alumnado 3º, 5º e 6º EP	Xaneiro
21	Valoración en grupo de capacidades do alumnado de 6º EI	Orientadora, titora 6º EI	Alumnado 6º EI	Maio
22	Colaboración e coordinación con servizos externos que atenden ACNEAE	Orientadora, PT, AL, titor	Alumnado	Todo o curso
23	Elaboración de informes finais de etapa para ACNEAE, e para aquel alumnado que non siga escolarizado no noso centro	Orientadora, PT, AL, Profesorado titor	DO	Ao longo do curso, e no mes de xuño
24	Participación nas reunións das familias nas que se solicite a presenza da Xefatura de Orientación	Profesorado titor	Profesorado titor e familias	Cando sexa necesario
25	Avaliacións dos programas de intervención de PT e AL	Orientadora, DO, CCP	Xefatura de estudos	Xuño

As reunións para o seguimento do alumnado serán as reunións establecidas para a avaliación inicial, 1ª avaliación, 2ª avaliación e 3ª avaliación. Debido a ter que atender a dous centros a orientadora, é posible que non poida asistir a todas as datas de avaliación, por iso cando o profesorado titor o precise, acudirá á orientadora para comunicarlle as necesidades que poidan detectar no alumnado e tomar as decisións oportunas.

Ademais disto haberá reunións do Departamento de Orientación con todos os membros, cando haxa asuntos que tratar.

Os martes pola tarde están repartidos en martes alternos en cada centro, coincidindo a Orientadora e a especialista en Audición e Linguaxe.

27.4. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

O profesorado responsable do actual alumnado con NEAE é o seguinte:

4º EI	Eva Amalia Grobas Fernández
5º EI	Marta Sierra Abrain

6º EI	Vanessa Fernández Cordeiro
1º EP	Victoria Castillo Moreno
2º EP	Patricia Merchán Río
3º EP	María Teresa Estévez Costa
4º EP	Beatriz Álvarez Vila
5º EP	Beatriz Álvarez Vila
6º EP	Adolfina Otero Moledo
PT	Rocío Agulla Ferverza
AL	María Teresa Rodríguez Couso
Orientadora	Paula González Gómez

27.5. HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

A coordinación entre o profesorado titor e as mestras de PT e AL realizarase os martes pola tarde ou en horas nas que coincida dito profesorado e teñan cousas que comentar do alumnado.

28. PLURILINGÜISMO

28.1. COORDINADORES

A coordinadora das seccións bilingües será Iago Hervella Pérez, mestre especialista de impartir as seccións bilingües e xefe de estudos.

28.2. OFERTA

Neste curso académico 2022-2023 o noso centro contará con catro seccións bilingües de inglés en Plástica nos cursos de 3º, 4º e 5º (grupo mixto) e 6º de Primaria..

Como novidade e consecuencia dun cambio de metodoloxía proposto polo Equipo Directivo, a sesión de Arts semanal formará parte do ámbito Artístico rotativo e por tarefas de dúas semanas consecutivas por curso (só nas semanas determinadas ao efecto para os cursos pares, para os cursos impares todas as semanas). Neste ámbito participarán como profesores responsables compartindo a sesión na aula, para 3º, 4º, 5º

e 6º Iago Hervella e Manuel Martínez Santiago. Nos cursos de 1º e 2º será Manuel o encargado de impartir o ámbito artístico, no caso de 1º e música e plástica, no caso de 2º.

Materia	Curso	Nº alumnado participante	Profesorado responsable	Coordinador
Plástica	3º	19	Iago Hervella	Iago Hervella
Plástica	4º e 5º	14	Iago Hervella	Iago Hervella
Plástica	6º	14	Iago Hervella	Iago Hervella

28.3. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

Sendo consecuentes coa filosofía das seccións bilingües nas que *“a lingua obxecto de estudo (o inglés neste caso), convértese nun instrumento para acadar a tarefa final”*, faremos por conseguir que a lingua empregada na Área de Plástica, esté íntimamente ligada o desenvolvemento dos obxectivos, contidos e competencias programados na Área de Lingua estranxeira, convertíndose así nunha extensión da mesma.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar e que están recollidos no proxecto son:

- + Traballar a lingua estranxeira integrada nun contexto, o que permitirá dar maior significado e funcionalidade ao aprendido. Deste xeito o alumnado adquirirá unha maior competencia lingüística.
- + Comprender textos orais ou escritos sobre temas de Plástica en inglés (*instrucións para facer unha actividade plástica, listaxe de materiais a empregar, historia relacionada co tema, información sobre un artista que se estea a traballar...*) para obter información global e específica; comezando primeiro por textos sinxelos e aumentando progresivamente a súa complexidade.
- + escoitar, a través de distintas canles (*online, CDS, DVDS, documentais...*); diversos textos sobre plástica (*Instrucións para facer un traballo manual, información sobre un artista, descrición dun cadro*)

- + Interactuar en diversas situacións comunicativas nas que haxa que buscar información, intercambiar datos, pedir algo ou demandar axuda.
- + Producir textos sinxelos orais e escritos, ben guiados ou de produción libre nos que empreguen as estruturas, vocabulario e fórmulas aprendidas na lingua estranxeira.
- + Adquirir unha boa pronuncia, ritmo e entoación correcta das expresións ou estruturas traballadas na lingua estranxeira.
- + Utilizar as novas tecnoloxías non só para obter información e ser capaz de transmitila, senón tamén para a realización de actividades da área.
- + Adquirir estratexias de aprendizaxe da nova área na lingua estranxeira, empregando tanto o apoio visual como os coñecementos previos sendo, ademais capaces de esquematizar ou deducir o significado de palabras ou expresións coñecidas.
- + Traballar a lingua estranxeira integrada nun contexto diferente da clase de lingua estranxeira o que lles permitirá dar maior significado e funcionalidade ao aprendido.

Tendo en conta estes obxectivos, podemos establecer os seguintes MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Como punto de partida, establecemos que o proceso de avaliación será continuo e formativo baseado en revisións periódicas do proxecto para mellorar o seu funcionamento.

Avaliarase a aprendizaxe dos alumnos e alumnas, a práctica docente incluíndo neste apartado a avaliación do proceso, materiais e a acción do profesorado. Ademais, tamén avaliarase o proxecto bilingüe xa que toda esta información axudaranos a decidir si se necesita algún cambio no futuro.

1. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación do alumnado será:

- a) Globalizada e continua, primarase o traballo diario na aula e a implicación e esforzo do alumnado.
- b) Individualizada: céntrase na avaliación da cada alumno/a dende a súa situación inicial.
- c) Integradora: contempla os diferentes grupos con flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación seleccionados.

- d) Cualitativa: avalíanse de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento e non solo os de carácter cognitivo.
- e) Orientadora: guiando ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

2. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

O profesorado revisará os métodos empregados en cada sesión para axustalos ás necesidades temporais ou permanentes do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe de cada neno/a.

A súa vez, teranse en conta os resultados obtidos e o nivel de implicación que se consegue por parte do alumnado; un alto nivel de atención e implicación levará a reforzar as técnicas e materiais utilizados; polo contrario, se a atención e implicación é baixa implicará unha revisión das actuacións levadas a cabo.

A autoavaliación tamén é un aspecto moi importante a ter en conta xa que é o replantexamento constante por parte do profesor do seu propio traballo.

3. AVALIACIÓN DO PROXECTO

Para a avaliación do proxecto, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Recursos aspectos organizativos: horario semanal e número de sesións, profesorado implicado.
- Grado de consecución dos obxectivos e contidos programados na materia que conforma a sección bilingüe.
- Recursos metodolóxicos e materiais utilizados.
- Atención ao alumnado con necesidades específicas especiais.
- Grao de satisfacción dos estudantes e as súas familias.

Por último, decir que a final de curso, realizarase unha memoria avaliativa por parte do profesorado responsable da sección bilingüe.

Instrumentos de avaliación

En canto aos instrumentos de avaliación, variaran dende entrevistas persoais co alumnado a outro tipo de probas mais obxectivas.

A avaliación trimestral será a partir dos traballos das fichas das diferentes unidades e tamén doutras actividades complementarias.

Avaliación do alumnado

- + Observación sistemática do traballo e da participación e integración do alumno na clase.
- + Intercambios orales: Preguntas y respostas na clase, diálogos, breves coloquios e debates.
- + Exercicios específicos asociados aos diversos obxectivos programados en cada unidade didáctica.
- + Revisión, análise e comentario das actividades e traballos realizados.

Autoavaliación.

- + Os alumnos comparan os seus traballos cos modelos propostos.

Co-avaliación.

- + Intercambios orales: Preguntas e respostas na clase, diálogos, breves coloquios.
- + Exercicios específicos asociados aos diversos obxectivos programados en cada ficha..
- + Revisión, análise e comentario das actividades e traballos realizados.

28.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

O centro, en coordinación coa coordinadora da sección e o profesorado responsable avaliarán a actuación do auxiliar tendo en conta aspectos como a puntualidade, a asistencia, a relación co alumnado, os docentes participantes na sección así como co resto do equipo docente do centro, motivación, capacidade de traballo, **actitude...etc.**

Ó final do curso redactarase a conseguinte memoria final incluíndo estes aspectos.

Este ano recibimos unha persoa auxiliar que vén de Filipinas. Compartímola co CEIP Quintela e vai 8 horas a cada centro. Ao noso centro acude os luns e martes que é

cando teñen clase de Inglés as titorías de terceiro a sexto que son as que máis interese tiñamos en que contasen con esta figura.

29. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

O curso pasado redactamos o Plan e aprobámolo en Consello Escolar. Este ano, coas eleccións do Consello Escolar modificaremos tamén os membros da Comisión de Convivencia, xa que algunhas das persoas que compoñían o equipo xa non forman parte do centro.

Actividade: Constitución da nova comisión de Convivencia						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	Grupo Traballo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T X		2º T		3º T	
Responsables	Equipo directivo e membros do Consello Escolar					
Participantes	Claustro e Consello Escolar					

Seguiremos empregando as Prácticas Restaurativas para a xestión da Convivencia. Os mestres recibiron a principio de curso un pequeno dossier con información sobre o mesmo.

Este ano tamén queremos implementar o voluntariado escolar para poder poñelo en práctica nunha sesión ou dúas quincenalmente. A idea é que mebrs da nosa Comunidade Educativa ou mesmo do vecindario cercano ao centro poidan vir a colaborar nunhas sesións nas que se plantexarán actividades para levar a cabo por grupos. Cada unha das voluntarias que veña encargarse de xestionar o traballo que se leve a cabo nese grupo, sempre baixo as ordes e coordinación directa da mestra titora. Para preparar estas actividades será esencial unha pequena reunión de coordinación dos voluntarios coas titoras. Previsiblemente estas sesións de coordinación faranse os martes tarde.

Actividade: Posta en práctica do voluntariado nas aulas.						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	Grupo Traballo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T X		2º T X		3º T X	
Responsables	Equipo directivo e titoras					

30. PLAN PROXECTA

Este ano só nos plantexamos solicitar o Proxecto Terra, que é un programa no que levamos participando varios anos.

Centraremos o traballo como estes anos atrás no noso patio, para crear zonas que permitan o xogo inclusivo e dinámico e, este ano tamén tentaremos traballar conxuntamente co equipo de biblioteca no Proxecto anual que é sobre a Flora autóctona e faremos un traballo sobre as árbores do noso patio. Tentaremos facer un seguimento dos cambios que nelas se dan ao longo do ano.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
PROXECTO TERRA: Traballo na creación de novas zonas de xogo, na creación de zonas de contacto coa natureza, de xogo natural...	Todo o curso	Todo o centro	Todos os mestres do centro
Traballo de investigación e observación das árbores do noso patio.	Todo o curso	Todos os cursos	Mestras titoras

31. OUTROS PANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Para este curso solicitaremos como xa citamos anteriormente os contratos programa:

PLAN RECUPERA: PROA+

CPIInnova: EDUinnova e EDUsostibilidade

CPIInclúe: InclúeT, IguálaT e ConviveT

Tamén colaboraremos coa iniciativa de TEACHERS FOR FUTURE relacionada co control dos residuos nos recreos.

Temos en marcha dende fai moitos anos o PROXECTO VOZ NATURA.

Tamén participamos dende a nosa biblioteca en PLAMBE.

Así tamén realizaremos un PFPP en continuación do que comezamos fai dous anos e que este ano enfocaremos dende una liña de matemáticas manipulativas e outra de prácticas restaurativas.

Materia	Curso	Nº alumnado participante	Profesorado responsable	Coordinador
Voz natura Reciclaxe de lixo Coidado e plantación na horta Mellora do xardín Acondicionamento da finca cedida ao centro para plantar e criar galiñas	Todos	103	Titoras e directora	Patricia Merchán
CPInclúe Charlas da escola de familias Obradoiros de igualdade Acondicionamento e mellora do xardín Mellora dos espazos do centro en canto á inclusión e adaptabilidade Charlas e obradoiros de sensibilización para o alumnado en materia de igualdade Formación para mestres en PPRR e aplicación co alumnado	Todos	103	Titoras e directora	Eva Grobas
CPInnova Na liña EDUinnova participarán primaria. Metodoloxía por ámbitos de aprendizaxe. Radio escolar. Na de EDUsostibilidade participarán todo o alumnado.	Todos	103	Titoras e directora	Eva Grobas

Obradoiros de enerxías renovables. Charlas sobre reciclaxe. Obradoiros de reciclaxe.				
PROA + Reforzo nas aulas, obradoiros de comunicación oral, escrita, de lectura comprensiva...	5º e 6º	Alumnado asignado	Titoras Mestra AL Mestra PT	Orientadora
Teachers for future Traballo de concienciación sobre a importancia de reducir residuos nas merendas.	Todos	103	Titoras e directora	Eva Grobas

32. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Consideramos a avaliación unha práctica imprescindible para a mellora do funcionamento do noso centro educativo, por iso, contemplamos diferentes momentos de avaliación e distintos aspectos a avaliar que nos parecen fundamentais para o bo funcionamento do colexio. Tentamos recoller a continuación un resumo dos aspectos a avaliar e os tempos, aínda que tentaremos facer análise e reflexión conxunta en moitos máis momentos ao longo do curso.

AVALIACIÓN DA ORGANIZACIÓN DIDÁCTICA

Tal e como se recolle na Orde de Avaliación do 9 de xuño de 2016 ao longo do curso escolar os distintos órganos de coordinación docente realizarán unha avaliación dos distintos aspectos e elementos organizativos do centro. As programacións de centro e de aula terán unha avaliación a través dunha rúbrica que marcará os indicadores de logro dos aspectos máis importantes da intervención educativa. No final de curso elabórase unha enquisa para toda a comunidade educativa co fin de avaliar as fortalezas e debilidades detectadas. Esta avaliación inclúese na Memoria Anual.

AVALIACIÓN DA COMPETENCIA DO ALUMNADO

- Avaliación diagnóstica no mes de setembro: nos primeiros días de setembro levarase a cabo una avaliación inicial do alumnado para saber de onde partir neste curso escolar. Este curso académico, despois do acontecido no pasado mes de marzo faise máis necesaria se cabe esta avaliación para dar conta da

situación de partida do noso alumnado, para, de se-lo caso adaptar as programación á súa situación de partida.

O curso estará dividido en tres períodos avaliativos: decembro, abril e xuño. As reunións de avaliación realizaranse ao longo de 1 ou 2 semanas, en función das necesidades do calendario.

- Os criterios mínimos de logro de cada área para determinar a promoción de curso seguirá a ser un tema de traballo das reunións da CCP para este curso.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PXA:

Durante o mes de xaneiro, o claustro realizará o seguimento desta PXA para detectar as posibles desviacións do planificado e estudar aspectos que poderían ser mellorables. Deste seguimento farase un informe que será presentado ao Consello Escolar.

Ao final de curso, o claustro avaliará todos os aspectos docentes, tratando entre todos os apartados xerais e achegando, por ciclos de Ed. Infantil e niveis de Ed. Primaria, a avaliación dos que sexan propios.

O Consello Escolar avaliará esta PXA e o cumprimento dos obxectivos e actividades nela propostos, respectando os aspectos docentes.

Un extracto escrito do seguimento e a avaliación levada a cabo conformará a memoria, que será elaborada coas achegas de todos e presentada ao Consello Escolar para a súa aprobación na última reunión do curso, a finais de xuño.

PLANIFICACIÓN

QUÉ?	Quen?	Con que?	Onde?	Cando?
<ul style="list-style-type: none"> • Os obxectivos da PXA 	<ul style="list-style-type: none"> • Sectores da comunidade escolar 	<ul style="list-style-type: none"> • Experiencia e implicación na vida escolar • Enquisas • Debates • Informes 	<ul style="list-style-type: none"> • Consello Escolar • Claustro • Equipos ciclo • C.C.Peda 	<ul style="list-style-type: none"> • Memoria fin de curso • MES DE XANEIRO

		<ul style="list-style-type: none"> Análise de resultados 	<ul style="list-style-type: none"> góxica Equipo directivo 	
<ul style="list-style-type: none"> Revisión PXA 	<ul style="list-style-type: none"> C.C.Pedagóxica 	<ul style="list-style-type: none"> Análise do funcionamento Informes. 	<ul style="list-style-type: none"> Consello Escolar Claustro Equipos ciclo C.C.Pedagóxica Equipo directivo 	<ul style="list-style-type: none"> Trimestral Final de curso
<ul style="list-style-type: none"> A xestión dos espazos comúns, das instalacións e do equipamento 	<ul style="list-style-type: none"> Responsables aulas Xefe de estudos 	<ul style="list-style-type: none"> Análise de resultados Inventario 	<ul style="list-style-type: none"> Claustro Consello escolar 	<ul style="list-style-type: none"> Memoria fin de curso
<ul style="list-style-type: none"> Xestión pedagóxica 	<ul style="list-style-type: none"> Xefe de estudos C.C.Pedagóxica 	<ul style="list-style-type: none"> Análise de resultados académicos 	<ul style="list-style-type: none"> Claustro Consello escolar Equipos ciclo C.C.Pedagóxica 	<ul style="list-style-type: none"> Trimestral Final de curso
<ul style="list-style-type: none"> Xestión económica 	<ul style="list-style-type: none"> Comisión económica Secretario 	<ul style="list-style-type: none"> Balances contables 	<ul style="list-style-type: none"> Claustro Consello escolar 	<ul style="list-style-type: none"> Memoria fin de curso
<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> Xefe de estudos Orientador 	<ul style="list-style-type: none"> Análise actividades de formación Enquisas 	<ul style="list-style-type: none"> Claustro Consello escolar Equipos ciclo C.C.Pedagóxica Dep. Orientaci 	<ul style="list-style-type: none"> Memoria fin de curso

			ón	
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades complementarias e extraescolares 	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador/a • Equipo directivo • Equipo DINAMIZACIÓN • A.N.P.A. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise actividades realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro • Consello escolar • Equipos ciclo • A.N.P.A. 	<ul style="list-style-type: none"> • Memoria fin de curso
<ul style="list-style-type: none"> • Plan de potenciación da lingua 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo DINAMIZACIÓN 	<ul style="list-style-type: none"> • Enquisa • Análise actividades realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro • Consello escolar 	<ul style="list-style-type: none"> • Memoria fin de curso
<ul style="list-style-type: none"> • Atención á diversidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Xefe de estudos • Orientador 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise de resultados académicos 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro • Consello escolar • C. C. Pedagóxica 	<ul style="list-style-type: none"> • Trimestral • Memoria fin de curso
<ul style="list-style-type: none"> • Normas de organización e Funcionamento 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo 	<ul style="list-style-type: none"> • Estado de redacción do plan 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro • Consello escolar 	<ul style="list-style-type: none"> • Memoria fin de curso
<ul style="list-style-type: none"> • Relacións coa comunidade escolar e institucións 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • A.N.P.A. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise actividades realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro • Consello escolar • A.N.P.A. 	<ul style="list-style-type: none"> • Memoria fin de curso
<ul style="list-style-type: none"> • Xestión da convivencia 	<ul style="list-style-type: none"> • Xefe de estudos • Comisión de convivencia 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise actuacións • Estado de redacción do novo plan 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro • Consello escolar 	<ul style="list-style-type: none"> • Memoria fin de curso

<ul style="list-style-type: none"> • Acción tutorial 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipos ciclo • Equipo directivo 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise intervención tutores/as 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro • Consello escolar • C. C. Pedagóxica 	<ul style="list-style-type: none"> • Memoria fin de curso
---	---	---	--	--

33. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Queremos recoller que este ano, x atemos a meirande parte dos documentos de centro actualizados. Este ano centraremos os nosos esforzos na concreción curricular e tamén na redacción do Plan Lector.

Hai nos centros educativos moita carga de traballo burocrático que dificulta atopar momentos para poder reflexionar e recoller por escrito os acordos e ideas e poder traballar na redacción conxunta dos documentos de centro. De todos modos nestes tres anos que levamos como equipo directivos, actualizamos xa os documentos máis importantes do centro e agora toca seguir traballando para conseguir deixar toda a documentación de centro actualizada.

Tamén queremos deixar constancia aquí, neste documento final da imposibilidade de poner por escrito todas e cada unha das saídas para este curso. Incluímos dun xeito global inmersas nos programas nos que se enmarcan ou como actividades extraescolares e complementarias, pero o Consello Escolar será informado das mesmas en cada xuntanza que fagamos e consultado no caso de que sexa necesario, se xurdira algunha actividade que non se incluíra aquí.

E, por último, como peche deste documento queremos deixar constancia do reto que temos por diante este curso para dar cumprimento ao que aquí se recolle e que, este documento será unha guía para nós este curso escolar para non perder o rumbo de cara onde queremos ir como Comunidade Educativa.

Dna. Patricia Merchán Río, como secretaria do CEIP Abelendo, CERTIFICO:

Que segundo se desprende da acta da reunión ordinaria do Claustro, celebrada o 11 de outubro de 2022, este órgano aprobou todos os aspectos educativos incluídos nesta Programación Xeral Anual.

Que segundo se desprende da acta da reunión ordinaria do Consello Escolar, celebrado o 11 de outubro de 2022, previa recepción da mesma, dito órgano avaliou e aprobou esta P.X.A., sen perxuízo das competencias do Claustro, en relación coa planificación e organización docente.

Por todo isto, Eva Amalia Grobas Fernández, como directora do CEIP Abelendo, APROBO a presente Programación Xeral Anual.

En Moaña, a 11 de outubro de 2022

Asdo. A secretaria

Asdo. A directora

Patricia Merchán Río

Eva Amalia Grobas Fernández